

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e oito de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1020).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 14 de outubro e extraordinaria e urxente do 18 de outubro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1021).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7889/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/10/16, dáse conta do informe-proposta do 18/10/16, da técnica de Admón. Xeral-secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do Servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de agosto de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación de 19 de agosto de 2016 do licitador SIFU,SL, por presentar unha oferta que supera o tipo de licitación.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

| EMPRESA | PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PREZO | PUNTUACIÓN INCREMENTO FRECUENCIAS (ZONAS A E B) | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|----------------------------|---|------------------|
| XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL | 60 | 28,71 | 88,71 |
| ALTHENIA SL | 55,22 | 27,27 | 82,49 |
| INGESER ATLÁNTICA, SL/SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN SL (UTE) | 48,36 | 27,91 | 76,27 |
| ELSAMEX SA | 37,97 | 26,62 | 64,59 |
| VIVEIROS ADOA SL | 54,70 | 5,54 | 60,24 |
| CALFENSA PROYECTOS SL | 50,30 | 14,95 | 65,25 |
| ALVAC SA | 29,28 | 5,39 | 34,67 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, o día 29 de agosto de 2016, que presenta a documentación requirida o 6 de setembro, dentro do prazo legalmente previsto.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula do 18 de agosto de 2016, así como do informe asinado polo conservador de Espazos Naturais de Patrimonio Histórico do 20 de setembro de 2016 sobre a coherencia entre as proposicións económicas e o orzamento detallado e o informe da xefa de Patrimonio Histórico do 5 de outubro de 2016 en relación

coa documentación presentada pola empresa Xestión Ambiental de Contratas, SL o 3 de outubro de 2016 en resposta ao acordo da Mesa de Contratación do 26 de setembro de 2016 (“solicitar á empresa clasificada en primeiro lugar neste procedemento, Xestión Ambiental de Contratas, S.L., que aclare a coherencia entre os gastos que supoñen as frecuencias ofertadas a maiores e o prezo do contrato ofertado. En particular, deberán aclarar se a partida de gastos de persoal que consta no orzamento desglosado do servizo axuntado ao sobre C é suficiente para facer fronte aos incrementos de frecuencias ofertados. Deberá indicar a si mesmo, o convenio colectivo aplicable ao seu persoal”).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, o procedemento aberto para a contratación do Servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 192.140,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.346,61 euros.*
- *Propón un incremento das frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía A, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT, de 468 frecuencias.*
- *Propón un incremento das frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía B, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT, de 520 frecuencias.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1022).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE BANCOS. EXPTE. 8857/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/10/16, dáse conta do informe-proposta do 17/10/16, da técnica de Admón. Xeral-secretaría da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*

- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de setembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446) na seguinte orde decrecente:

| LICITADORES | Oferta económica | Valor Baixa | Puntos |
|--|------------------|----------------|--------------|
| <i>Parques y Jardines Fabregas, SAU</i> | <i>47250</i> | <i>27750</i> | <i>100</i> |
| <i>Globalia Urbanismo Integral, SLU</i> | <i>53925</i> | <i>21075</i> | <i>92</i> |
| <i>Benito Urban, SLU</i> | <i>60000</i> | <i>15000</i> | <i>84,72</i> |
| <i>Galitec Desarrollos Tecnológicos SL</i> | <i>62257,5</i> | <i>12742,5</i> | <i>82</i> |
| <i>Novatilu, SLU</i> | <i>65790</i> | <i>9210</i> | <i>66,61</i> |
| <i>Calfensa Proyectos, SL</i> | <i>67710</i> | <i>7290</i> | <i>52,73</i> |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 900,06 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, o día 26 de setembro de 2016, que presenta a documentación requirida nas datas 6 e 11 de outubro.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión do 13 de outubro de 2016, revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula do 19 de setembro de 2016.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, o procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446) por un prezo de 75.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.016,53 euros, e cunha baixa proporcional única do 37% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1023).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE II. EXPTE. 3893/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/10/16, dáse conta do informe-proposta do 20/10/16, da técnica de Admon. Xeral-secretaría da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros. Fase II (3893-440)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo, que rectifica o adoptado na sesión do 7 de outubro:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación o 14 de setembro de 2016 do licitador NEXIA INFRAESTRUCTURAS por incorporar no sobre B documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8B das FEC, tal como sinala a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir ás empresas que se relacionan a continuación, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):

1. *CONSTRUCCIONES FECHI, SLU*
2. *OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA*
3. *EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL*
4. *MONTAJES J M IGLESIAS, SL*
5. *ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL*
6. *CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL*
7. *NAROM, SL*

Terceiro.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan, por estimar que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, segundo os informes asinados polo enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos de data 3 de outubro de 2016:

1. *ORESA, SL*
2. *CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU*
3. *COPCISA, SA*
4. *CONSTRUCCIONES VALE, SL*

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

| | Empresas | Puntuación |
|----|---|------------|
| 1 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA | 82,09 |
| 2 | CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA | 78,95 |
| 3 | SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL | 77,53 |
| 4 | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA | 76,92 |
| 5 | CIVIS GLOBAL, SLU | 75,82 |
| 6 | ELSAMEX, S A | 70,83 |
| 7 | VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS | 68,94 |
| 8 | ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA | 56,30 |
| 9 | SESTRAMA-09, SL | 48,61 |
| 10 | GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL | 19,38 |

Quinto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel NO que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Sexto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o día 11 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 17 de outubro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 19 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 8 de setembro e do 3 de outubro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros - Fase II coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 124.585,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.622,31 euros.*
- b) O prazo de garantía increméntase en 88 meses, polo que o prazo total é de 100 meses.*
- c) Comprométese a executar as seguintes melloras:*
 - Obra civil rede eléctrica soterrada para futura instalación de control de acceso ao barrio de Bouzas*
 - Obra civil previsión rede de telecomunicacións municipais*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1024).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA. EXPTE. 15119/333.

Dáse conta do informe-proposta do 27/10/16, da técnica de Admón. Xeral-secretaría da Mesa de Contratación:

"Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 28 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por non ter presentado correctamente a documentación persoal:

1. NAROM, SL
2. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
3. ELSAMEX, SA
4. LIMONTA SPORT IBERICA, SL
5. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
6. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
7. PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
8. CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
9. OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL
10. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
11. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL

Segundo.- Excluir á empresa REALTURF SYSTEMS, SL por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, de acordo co informe do xefe da Área de Investimentos do 28 de setembro de 2016, e non ter presentado documentación ningunha para a súa xustificación no prazo concedido.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

| | Empresas | Puntuación |
|---|---------------------------------------|-------------------|
| 1 | MONDO IBERICA, S A | 80,00 |
| 2 | MECANO SPORT, S L | 77,02 |
| 3 | GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L | 57,53 |
| 4 | NATURF DEVELOP, SL | 57,27 |
| 5 | SPORT EQUIPALIA, S L | 31,78 |

Cuarto.- Requiritir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

5. *Resguardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP (“cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración”).*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 808,82 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1025).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “III TRAIL MONTES DE VIGO” O VINDEIRO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2016. EXPTE. 15069/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/10/16, do coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade o Club de Montaña Xistra, con CIF (G36743540), solicitou o día 29-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160055032), autorización ao Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: III TRAIL MONTES DE VIGO*
- *Data: 30 DE OUTUBRO DE 2016*
- *Horario: DE 09.00H A 15.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 30 de outubro de 2016, a proba comezará ás 9.00h e rematará aproximadamente ás 15.00h. A carreira levarase a cabo polos montes de Valladares, Comesaña, Saians, Coruxo, Matamá e San Miguel de Oia.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*

Tamén este evento foi comunicado á Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

Ademais, pola entidade solicitante, comunicouse o evento á Mancomunidade de Montes de Vigo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de

Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club de Montaña Xistra, con CIF (G36743540) a organizar a proba deportiva denominada III TRAIL MONTES DE VIGO, o vindeiro domingo 30 de outubro de 2016, a proba comezará ás 9.00h e rematará ás 15.00h. O Trail percorrerá polo montes de Valladares, Comesaña, Saians, Coruxo, Matamá e San Miguel de Oia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(1026).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “IV EDICIÓN VIGO CONTRA EL CÁNCER” O VINDEIRO DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 15044/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/10/16, do coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade VIGO CONTRA EL CÁNCER, con CIF (G27804376), solicitou o día 20-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160049938), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: IV EDICIÓN VIGO CONTRA EL CÁNCER*
- *Data: 6 de novembro de 2016*
- *Horario: DE 10.00H A 13.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 2 de outubro de 2016, a proba comezará ás 10.00h. Esta proba terá dous recorridos un de 5 Km(Avda Castelao, Porriño, Padre Seixas, Florida, P. América e Castelao) e outro de 10 Km (Castelao, Porriño, Padre Seixas, Florida dirección Citroén e a altura da ponte realizarase un cambio de sentido, logo Florida, P. América ocupando o lateral da rotonda para seguir pola subida da Avda. De Castelao).

A concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*

- *Seguridade*

Tamén se solicitou a colaboración de Protección Civil, cara ao desenvolvemento do evento.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a entidade VIGO CONTRA EL CÁNCER, con CIF (G27804376), a organizar a proba deportiva denominada IV VIGO CONTRA EL CÁNCER, o vindeiro domingo 6 de novembro de 2016. A carreira terá dous percorridos un de 5km e outro de 10km, as carreiras comenzarán ás 10.00h, a primeira percorrerá por Avda Castelao, Porriño, Padre Seixas, Florida, P. América e Castelao e a segunda de 10km sairá dende a rúa Castelao para seguir pola rúa Porriño, Padre Seixas, Florida dirección Citroén e a altura da ponte realizarase un cambio de sentido, logo Florida, P. América ocupando o lateral da rotonda para seguir pola subida da Avda. De Castelao)."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(1027).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA "II EDICIÓN- DEPORTE SOLIDARIO" O VINDEIRO DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 15085/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/10/16, do coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

"1.- ANTECEDENTES:

A asociación ÉRGUETE, co CIF (G36642726), solicitou o día 23-05-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160065195), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: II EDICIÓN DEPORTE SOLIDARIO*
- *Data: 13 de novembro de 2016*
- *Horario: DE 10.00H A 13.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 13 de novembro de 2016. A proba comezará ás 10.00h, cunha duración aproximada de tres horas. Esta proba terá o percorrido seguinte: saída dende o Paseo de Alfonso e percorrido por Pi i Margall, Tomás Alonso, Coruña, Jacinto Benavente, Beiramar, Berbés, Real, Triunfo, Fermín Penzol, Marqués de Valladares, Colón, Príncipe para rematar en Elduayen.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a entidade ÉRGUETE co CIF (G36642726), a organizar a proba deportiva denominada II EDICIÓN DEPORTE SOLIDARIO, o vindeiro domingo 13 de novembro de 2016, en horario de 10 a 13 horas, co percorrido seguinte: saída dende o Paseo de Alfonso e percorrido por Pi i Margall, Tomás Alonso, Coruña, Jacinto Benavente, Beiramar, Berbés, Real, Triunfo, Fermín Penzol, Marqués de Valladares, Colón, Príncipe para rematar en Elduayen.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

9(1028).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DO FÚTBOL BASE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016. EXPTE. 15299/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 08/09/16 e informe de fiscalización do 20/10/16, dáse conta do informe-proposta de data 14/10/16, do coordinador deportivo, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 28 de setembro de 2016, devolvase o expediente 15299/333 dende o Servizo de Intervención indicando no informe de devolución as seguintes observacións:

- 1. O expediente debe tramitarse coma a concesión dunha subvención nominativa con reflexo no Informe-Proposta e no Convenio. Segundo o artigo 28 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 26 da Lei de Subvencións de Galicia os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente. Na elaboración do Convenio xa deberá terse en conta o disposto no Capítulo VI do Título Preliminar adicado aos Convenios da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- 2. En relación as becas deportivas por importe de 60.550,00€ deberase requirirse á Fundación Celta a acreditación detallada da finalidade das becas, así como indicarlle que na conta xustificativa deberá figurar un informe sobre o aproveitamento e resultados acadados polos becados, para os efectos de acreditar no primeiro caso, a vinculación dos documentos que se presenten na conta xustificativa co obxecto subvencionado e no segundo caso para xustificar o correcto emprego dos fondos públicos.*
- 3. Lembrar que segundo o artigo 7m da Lei 35/2006, de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas e artigo 4 do Real Decreto 439/2007, 30 de marzo, do Regulamento do Imposto sobre a Renta, estas becas deportivas concedidas pola Fundación Celta de Vigo, salvo proba en contrario, non constitúen renda exenta aos efectos do IRPF, por conseguinte debe acreditarse na conta xustificativa a realización das retencións correspondentes e o seu ingreso na AEAT, o que se poñe en coñecemento do Servizo Xestor.*
- 4. En relación á partida “Bus entrenos Caldas-Ourense” o Servizo Xestor deberá requirirlle á Fundación Celta de Vigo que aclare a finalidade destes desprazamentos.*

Á vista das observacións realizadas, a Concellería de deportes procede informar:

- Que a Concellería de deportes considera que tendo en conta que a subvención nominativa proposta no expediente ten como finalidade subvencionar un proxecto rematado no mes de xuño de 2016, está motivada a tramitación do expediente como adxudicación directa como instrumento para canalizar a subvención, e non como un convenio de colaboración, aínda que procedeuse a acreditar na redacción da mesma a consideración de subvención nominativa, atendendo á observación detallada no informe de fiscalización.*
- Procedeuse a incorporar ó expediente a acreditación detallada da finalidade das becas solicitada á Fundación Celta de Vigo. Da mesma forma informouse á entidade de que na conta xustificativa deberá figurar un informe sobre o aproveitamento e resultados acadados polos becados, para os efectos de acreditar no primeiro caso, a vinculación dos documentos que se presenten na conta xustificativa co obxecto subvencionado e no segundo caso para xustificar o correcto emprego dos fondos públicos.*
- Informouse á Fundación Celta de Vigo de que en relación ás becas deportivas concedidas, salvo proba en contrario, non constitúen renda exenta aos efectos do IRPF, por conseguinte deberán acreditar na conta xustificativa a realización das retencións correspondentes e o seu ingreso na AEAT*

- *Incorporouse ó expediente a acreditación detallada da finalidade dos desprazamentos relacionados coa partida de gasto “Bus entrenos Caldas-Ourense” remitida a petición da Concellería de deportes pola Fundación Celta de Vigo.*

Polo que a proposta queda reformulada como segue:

A Fundación Celta de Vigo foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo, o día 17 de xullo 1996, e declarada de interese Galego por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 29 de outubro de 1996.

Esta Fundación, ao amparo do establecido no artigo 5 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos.

Neste sentido, a Fundación Celta de Vigo desenvolve actuacións encamiñadas á dinamización de actividades deportivas relacionadas coa práctica do fútbol, e a promoción de actuacións vinculadas ó fomento desta modalidade, así como outras actividades relacionadas ou derivadas de dita práctica, fundamentalmente orientadas ás categorías base.

Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do programa de fútbol base da Fundación Celta de Vigo, supón a principal actividade desta entidade cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola súa tradición no fútbol de Vigo, como pola súa importancia mediática e social, tanto na propia cidade como no resto do territorio nacional, ao estar relacionada directamente co R.C. Celta de Vigo e o seu equipo na máxima categoría do fútbol.

O programa que presenta a Fundación Celta de Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, oriéntase fundamentalmente á dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete, así como no resto de competicións e categorías de carácter máis formativo, como a Liga Galega Cadete ou a Liga Alevín Provincial. Ademais, como parte do proceso formativo, os diferentes equipos do proxecto, compiten nalgúns dos Torneos de nivel nacional e internacional nos que se dan cita equipos base de equipos de todo o mundo, como o mundialito alevín, a Liga Promises, o Torneo Internacional Real Sociedade, a Copa Coca Cola Campionato de España, o Torneo César Augusta de Zaragoza, ou a Iscar Cup de Valladolid, a Oviedo Cup, a Copa de Campións, o Mundialito Alevín do Algarve ou a Geongju Youth International Tournament en Corea do Sur.

Por todo o exposto, tendo en conta a consideración de que esta subvención responde á propia relevancia da actividade desta entidade, ó tempo que a súa colaboración coa administración pretende a consolidación do proxecto deportivo considerado de interese para o desenvolvemento do proxecto da cidade de Vigo e o deporte en función das seguintes actuacións transversais entre o Concello e a propia Fundación Celta de Vigo:

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- *Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios suficientes que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, para o cal, propónse a resolución desta subvención directa á FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

En relación a esta proposta de subvención, temos que indicar que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 4 de xullo de 2016, acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 32/2016 por unha contía de 145.000,00 euros, para facer fronte á proposta de subvención a favor da Fundación Celta de Vigo, para o desenvolvemento do programa de deporte base durante a tempada deportiva 2015/2016, polo que a proposta de subvención á Fundación Celta de Vigo por parte do Concello de Vigo ascende a un importe de 295.000,00€.

En relación a este aspecto, debemos destacar que o proxecto presentado pola Fundación Celta de Vigo desenvolvido durante a tempada deportiva 2015/2016, responde a un traballo que pódese catalogar de exclusivo, xa que a Fundación Celta de Vigo é a única cun proxecto de semellante desenvolvemento deportivo, tanto polo número de equipos como pola categoría deportiva dos mesmos no ámbito do fútbol base da cidade.

Polo exposto, a subvención proposta a través deste expediente, responde ó desenvolvemento da propia partida nominativa para esta subvención, non existindo concorrencia ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Tendo en conta estes criterios e a actuación levada a cabo pola Fundación Celta de Vigo, plantéase a presente proposta de adxudicación dunha subvención á Fundación Celta de Vigo. A proposta de subvención ten en conta o alcance do orzamento destinado pola Fundación Celta á execución do proxecto de dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que de acordo coa memoria presentada, que se adxunta a este expediente ascende a un gasto total de 403.567,79€.

Atendendo ó exposto, o importe proposto para coadxuvar ó financiamento que supuxo o desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base desenvolvido pola propia Fundación Celta de Vigo na cidade de Vigo na tempada 2015/2016 ascende a un importe de 295.000,00€. Dito importe financiarase a través do crédito existente na partida 3410.489.00.16.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar á financiamento dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de fútbol base desenvolvido na cidade de Vigo na tempada deportiva 2015/2016.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

A Fundación Celta de Vigo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e o destino previsto para a subvención solicitada.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Fundación Celta de Vigo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A beneficiaria, presentou o proxecto que xustifica o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención. Tras a aprobación da presente proposta, a beneficiaria deberá presentar os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

Previamente a efectuarse a proposta, debe emitirse informe xurídico e informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRA: Aprobar o texto da resolución proposta a favor da FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, para a concesión dunha subvención en relación ó desenvolvemento do proxecto de PROMOCION DO FUTBOL BASE a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete.

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto xeral de PROMOCIÓN DO FUTBOL BASE en Vigo, que inclúe a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2015/2016, a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou

axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

c) A concesión da subvención instrumentalízase mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Fundación Celta de Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15299-333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da mesma, e en calquera caso antes do 15 de decembro do 2016.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

- *Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- *Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.*
- *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
 - *Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
 - *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
 - *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto de 295.000,00 €. a favor da Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042, con enderezo social na Rúa Conde de Gondomar, 1, en Vigo, en concepto de subvención directa para o desenvolvemento do proxecto PROMOCION DO FUTBOL BASE a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.16. do vixente orzamento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1029).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “UNIÓN COMARCAL DE CC.OO. DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O COÑECEMENTO DA SITUACIÓN DAS PEMES DE VIGO. EXPTE. 12955/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/07/16 e o informe de fiscalización do 6/10/16, dáse conta do informe-proposta do 6/10/16, asinado polo do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do emprego no pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa organización sindical sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración con asociacións de empresariais, sindicais e outras, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...

O Concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral e especialmente no espazo ocupado polas pequenas e medianas empresas (Pemes), motivada na súa maior parte pola situación económica actual.

–Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2016, se pretende coñecer a situación das pemes como elemento esencial do emprego, xa que as empresas con menos de 5 traballadores supoñen o 85% do total estatal, de tal xeito que o coñecemento das mesmas permitirá desenvolver políticas de consolidación empresarial e creación de emprego, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral. Estas actividades enmárcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e, dentro destes, a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

–

A “Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo”, solicita a través dun escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o pasado 8 de xuño de 2016, co nº de documento 160074745, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través dun proxecto que permita coñecer a situación do tecido industrial das pequenas e medianas empresas no termo municipal de Vigo e por ende da súa bisbarra, tanto no relacionado na súa condición empresarial como nas condicións laborais que se están a aplicar aos seus traballadores e traballadoras.

Este convenio de colaboración ten previstos os seguintes obxectivos:

- Coñecer a situación empresarial das pemes en Vigo e a súa bisbarra.
- Coñecer as condicións laborais dos traballadores, nas empresas obxecto do estudo.
- Realizar unha análise de situación, no que se identifiquen as fortalezas e debilidade das pemes de Vigo e bisbarra.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.

- Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan aos servizos de emprego deste concello.
- Establecer procedementos de transición de ensino regrado ao mundo laboral.
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- Inserir laboralmente aos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

–A aportación por un importe total de **5.934,48 €** do Concello de Vigo, á “Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo”, se realiza pola necesidade de coñecer a situación real das pequenas e medianas empresas de todos os sectores empresariais da cidade de Vigo e a súa bisbarra, e tendo en conta que a “Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo” é unha organización que ten unha importante presenza e representación nas pemes, lles permitirá desenvolver o proxecto presentado, o que permitirá co oñecemento que se pretende, non só mellorar a calidade e cantidade dos postos de traballo da zona, senon consolidar os existentes, tendo en conta a súa mellor competitividade.

Os custes estimados conforme á aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación dunha persoa que polo traballo a desenvolver debería ter unha categoría profesional de técnico de nivel medio, en base ao proposto pola entidade, necesarios sen ter en conta outros gastos como aluguer de instalacións, enerxía eléctrica, auga, material de oficina, etc, suporía:

- Custes salariais propostos pola entidade:

| Categoría | Nº | Duración | Xornada | Salarios |
|-------------------------------|----|----------|---------|------------|
| Administrativo | 1 | 3,8 | 100% | 5.028,05 € |
| Indemnización fin de contrato | | | | 113,14 € |
| TOTAL | | | | 5.141,19 € |

- Custes salariais conforme o convenio municipal:

| Posto | Nº Postos | Nº Meses | Basicas-Mes | CD Mes | Esp_Mes | Mensual | Promateo paga extra | Cotización Seg.Social | Seg.Social mes | Custes mes 100%xorn. | % Xornada | TOTAL |
|-------------------------------|-----------|----------|-------------|----------|----------|------------|---------------------|-----------------------|----------------|----------------------|--------------------|-------------|
| ADMINISTRATIVO DE ADMON XERAL | 1 | 3,8 | 846,65 € | 421,42 € | 652,33 € | 1.920,40 € | 160,03 € | 32,10 | 667,82 € | 2.748,26 € | 100,00% | 10.443,38 € |
| COSTE TOTAL: | | | | | | | | | | | 10.443,38 € | |

O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para a o estudo da situación das pemes de Vigo e bisbarra, superaría amplamente o importe total do previsto no convenio para salarios aínda sen engadir os cus-

tes de gastos correntes solicitados e que en todo caso terían que ser asumidos polo Concello.

Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.

Ademais dos custes propios do persoal (5.141,19 €), establécense uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman a cantidade total de 793,29 € (250 € para material de oficina e 543,29 € para os boletíns do proxecto), dos que o Concello de Vigo, asume 5.934,48 € de custes salariais e de seguridade social e de gastos de xestión, o resto dos gastos necesarios para desenvolver o proxecto (instalacións, teléfono, electricidade, equipamento, etc) serán asumidos pola propia asociación.

Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (06/06/2016 ao 30/09/2016), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410 4800003 "Convenio CC.OO. Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2016.

Establécese a inexistencia de relación laboral entre as persoas traballadoras directa ou indirectamente beneficiarias da subvención que se pretende conceder á "Unión Comarcal de CC.OO. De Vigo" e o Concello de Vigo.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo", con CIF: G15103112.
- Autorizar o gasto de 5.934,48 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CC.OO. Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2016, e comprometer o mesmo a favor da "Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo", para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.

- *Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.*
- *Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “UNIÓN COMARCAL DE CC.OO. DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O COÑECEMENTO DA SITUACIÓN DAS PEMES DE VIGO.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezaséis.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Héctor Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 6 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013), con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Dona Amelia Pérez Álvarez co DNI 78734833Z en calidade de Secretari Xeral da “UNIÓN COMARCAL DE CC.OO. DE VIGO”, facultado pola propia entidade en outorgamento notarial de data 20/03/2013 e acordo da Comisión Executiva da Unión Comarcal de CC.OO de Vigo de 27/05/2016, con domicilio social en Rúa Teixugueiras, 11 entreplanta, 36212 de VIGO e CIF G15103112.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecendo reciprocamente a capacidade suficiente par asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do emprego no pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa organización sindical sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios

de colaboración con asociacións de empresariais, sindicais e outras, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector comercial, fomentando o seu coñecemento e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO.

A colaboración coa UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais e o coñecemento da situación das pemes de Vigo e a súa bisbarra, como elemento esencial do emprego, xa que as empresas con menos de 5 traballadores supoñen o 85% do total estatal, de tal xeito que o coñecemento das mesmas permitirá desenvolver políticas de consolidación empresarial e creación de emprego, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral.

MANIFESTAN

I.- - Que a UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 21 de abril de 2016 co nº de documento 160051132, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- Coñecer a situación empresarial das pemes en Vigo e a súa bisbarra.
- Coñecer as condicións laborais dos traballadores, nas empresas obxecto do estudio.
- Realizar unha análise de situación, no que se identifiquen as fortalezas e debilidade das pemes de Vigo e bisbarra.

Estes obxectivos acadaranse coa contratación dunha persoa desempregada da nosa cidade que serán coordinada e apoiada desde a propia entidade.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xera, e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO nas pequenas e medianas empresas de Vigo e da súa bisbarra, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de estudos, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de estudo da situación real do empresariado e traballadores das pequenas e medianas empresas de Vigo e a súa bisbarra, cara a desenvolver políticas de consolidación empresarial e fomento do emprego.

V.- Que a UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto desenvolver un proxecto que permita coñecer a situación do tecido industrial das pequenas e medianas empresas no termo municipal de Vigo e por ende da

súa bisbarra, tanto no relacionado na súa condición empresarial como nas condicións laborais que se están a aplicar aos seus traballadores y traballadoras.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos), das seguintes actividades:

1. Coñecer a situación empresarial das pemes en Vigo e a súa bisbarra.
2. Coñecer as condicións laborais dos traballadores, nas empresas obxecto do estudo.
3. Realizar unha análise de situación, no que se identifiquen as fortalezas e debilidade das pemes de Vigo e bisbarra.
4. As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2015.
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respectar a estrutura organizativa da UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO.
- Conceder directamente á UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO unha subvención por importe de 5.934,48 €, (5.141,19 €, corresponden aos custes salariais e 793,29 € a outros gastos), como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CC.OO. Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non existir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
- Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
 - b) Dous membros da UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.*
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora do convenio procederá á devolución do orixinal.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 6 de xuño e o 30 de setembro de 2016.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento

Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.*
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Ga-

licia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola UNIÓN COMARCAL DE CC.O. DE VIGO no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O período de vixencia do convenio remata o 15 de novembro de 2016.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2016.

11(1030).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOBERNO 30/09/16 DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓN DIRIXIDAS Á POBOACIÓN XITANA. EXPTE. 12940/77.

Dáse conta do informe-proposta do 25/10/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 30 de setembro de 2016, aprobouse o "CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO para axudar ao financiamento dos gastos para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación xitana, no marco dos programas de loita contra a discriminación no ano 2016".

A resolución do convenio e a subvención concedida foi remitido a BDNS no apartado de convocatorias con data 19 de outubro de 2016.

Posteriormente, a través do rexistro con data 21 de outubro de 2016 (doc. 160141072), a Fundación Secretariado Xitano manifesta que existe erro no texto do convenio relativo a definición do Programa Operativo ó que se adscribe o convenio entre os firmantes.

Polo tanto, faise necesario engadir un apartado VI, no manifesto do convenio, que recolla a denominación do "Programa Operativo de Inclusión Social y Economía Social 2014-2020".

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

- Rectificar o acordo de XGL de data 30 de setembro de 2016 (exp.12940-77)*
- Incluir no CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO, de xeito que, no MANIFESTAN, apareza o apartado VI.- co seguinte parágrafo:"O presente Convenio ten por obxecto fixar os termos de colaboración entre os firmantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á Poboación Xitana no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020, que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario á FSG a través da Resolución 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE)de 5 de xaneiro de 2016, para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación xitana, enmarcada na Prioridad de Inversión 9.2 Integración socioeconómica de comunidades marginadas tales como a poboación romaní".*
- Modificar no texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO, no apartado Segundo, 2º.- do PACTOS a denominación, quedando o párrafo da seguinte maneira:".....no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020,....." (Achégase copia do convenio).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, doña Eva Vera Ledo con DNI 34267745-E, Directora Territorial de Galicia, da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Ahijones s/n, 28018 Madrid, na representación da mesma, segundo poder acreditado con documento notarial nº de protocolo 875 e data 23 de agosto de 2011.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións a bens e servizos da comunidade.

A nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxinaados ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quen es teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco de dispersión dos recursos dispoñibles.

I.- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos de Inclusión Social y Economía Social do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

II.- Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración.

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

- A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.*
- Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.*
- A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe solcial.*
- A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos..*

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2016 contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para

canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais da administración concedente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin e regular os termos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

V.- Que a Fundación Secretariado Xitano non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 12940/77.

VI.- O presente Convenio ten por obxecto fixar os términos de colaboración entre os firmantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á Poboación Xitana no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020, que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario á FSG a través da Resolución 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) de 5 de xaneiro de 2016, para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación xitana, enmarcada na Prioridad de Inversión 9.2 Integración socioeconómica de comunidades marginadas tales como a poboación romaní”.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Xitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Fundación Secretariado Xitano comprométese a colaborar coa Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:

1º.- En canto ao eixo socio-laboral:

- Mobilización das persoas para mellorar a súa empregabilidade mediante unha adecuada acollida, diagnóstico e xestión dos itinerarios individuais.
- Desenvolvemento de destrezas básicas, de habilidades sociais e de competencias laborais
- Orientación laboral, deseño de itinerarios individuais de inserción e seguimento do itinerario.

2º.- En canto ao eixo formativo:

- Desenvolvemento de accións formativas adaptadas aos niveis educativos previos e aos intereses e expectativas da poboación xitana.
- Xestión do acceso aos recursos de formación ocupacional e creación de novos escenarios adaptados de formación-emplego.
- Accións específicas de formación para o emprego arredor dos nichos de mercado actualmente existentes e dos núcleos de competencias profesionais cos que a poboación xitana de Vigo está familiarizada: Desenvolvemento Xeral do proxecto; Competencias clave; Aprender traballando; Limpeza oficinas; Operario de pescado; Curso de Graduado en la ESO ;Almacenero

3º.-En canto ao eixo do emprego:

- *Prospección, acompañamento e seguimento no emprego.*
- *Identificación e achegamento entre ofertas e demandas.*
- *Intermediación co tecido económico-empresarial.*
- *Convenios con empresas e outros axentes sociais.*
- *Prácticas formativas no ámbito da empresa.*

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Unir esforzos e actuar coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.

2º.- Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (DEZASEIS MIL EUROS), con cargo á partida 2410 4890002, do vixente orzamento, co obxecto de cofinanciación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020, para a execución das accións do Programa Acceder e do Programa Promociona.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación Secretariado Gitano deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- En base aos artigos 42 e ss. do RD 887/2006 de Regulamento da LXS, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da Fundación, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- *A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sétimo.- *A Fundación Secretariado Gitano debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a identificación dos proxectos que se levarán a cabo, de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte das persoas usuarias da mesma*

Oitavo.- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- *Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.*

A Fundación Secretariado Gitano, no prazo de 1 mes a contar desde o remate da actividade subvencionada 31 de outubro de 2016, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu coste total foi de 143.963,39 €.

A tal efecto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

–Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

□) A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:*

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- Datas e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - Número e no seu caso serie.
 - Nome e apelidos ou denominación fiscal.
 - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
 - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)
 - Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.
 - Lugar e data de emisión.
 - Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a Fundación solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar o corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ata o 31 de outubro de 2016.

Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A Fundación deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Fundación está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do es-

tado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, ás normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado. A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Décimo novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

Vixésima.- Prazo de vixencia do convenio. A vixencia do convenio será dende a data de sinatura ata o 31 decembro de 2016.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de de 2016.

12(1031).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2016. EXPTE. 6441/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/10/16, dáse conta do informe-proposta do 26/10/16, asinado pola xefa do servizo de Festas, conformado polo secretario de Admón. Municipal, pola concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A vista do informe da Xefa do Servizo de Fiscalización de data 24 de outubro de 2016, procédese á corrección do punto terceiro da proposta á Xunta do Goberno Local de data 13 de outubro, que establece como prazo de xustificación unha vez rematado o programa como data límite o día 1 de decembro de 2016 en lugar do día 2 de decembro de 2016, tal e como esta disposto na Base décimo cuarta para subvencións de programas de actividades socioculturais realizadas no ano 2016:

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2016. EXPTE: 6441-335

Con data 22 de abril de 2016 apróbase pola Xunta de Goberno Local convocatoria, bases reguladoras e extracto da convocatoria de subvencións para programas de actividades Socioculturais ano 2016 (expte. 6441/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 90.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 16 de maio de 2016 foi publicada no BOPO previo rexistro na Base Nacional de Datos de Subvencións o día 12 de maio de 2016. O prazo de presentación de solicitudes foi de 20 días naturais, que comezou ao día seguinte da súa publicación no BOPO, día 17 de maio e rematou o 6 de xuño de 2016, ambos incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base décima (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09,00 horas do día 11 de outubro de 2016 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada pola Concelleira delegada da área de Festas e Turismo, dna Ana Laura Iglesias González que actúa como presidenta; e por dna. Luz María González Domínguez como Xefa do servizo de Festas.

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 13 de outubro que leva anexa a folla de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos dos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados pola Xefa do Servizo de Festas e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Faise constar que de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima 5. da convocatoria, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade da concelleira de Turismo e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Primeiro: Que se resolva a convocatoria de subvencións para programas de actividades de socioculturais para o ano 2016, de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 13 de outubro de 2016 por un importe total de 85.087,96 € con cargo á aplicación 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

| | | | | | | | |
|----------|---|------------|---|-----|--|------------|------------|
| 6522-335 | ASOCIACIÓN XARUMA | G-27746486 | 2 | 1 | Pox. Dinamización sociocultural e Integr. Social | 849,81 € | 849,81 € |
| 6523-335 | ABTRAVI | G-36847861 | 1 | 1 | Dinamización Entorno Das Travesas | 748,64 € | 748,64 € |
| 6524-335 | ASOC. SOC. FESTAS VIRXEN DO CARMEN | G-36723229 | 1 | 1 | Festas Patronais | 1.315,18 € | 1.315,18 € |
| 6525-335 | SCHISTAS DA CONSOLACIÓN COA | G-36693303 | 3 | 3 | Festas de Consolación | 4.666,66 € | 4.666,66 € |
| 6526-335 | ASOCIACIÓN DE VALADARES DO CABRAL | G-36692211 | 1 | 1 | Festas Patronais | 1.500,00 € | 1.500,00 € |
| 6527-335 | ASOCIACIÓN CULTURAL DE VILAS DE BOLIXAS | G-36744888 | 1 | 3 | Buzamos Juventude | 7.688,7 € | 7.688,7 € |
| | | | | 3c) | Romaría S. Cristobo en Candean | 0,00 € | |
| | | | | 3c) | Romaría S. Bieito do Monte pequeno Candean | 890,21 € | |
| 6528-335 | AFRGA COMISIÓN FESTAS DE VIGO | G-36755589 | 9 | 1 | Festa de San Xoán de Candean | 1.122,24 € | 627,24 € |
| 6463-335 | AF CULTURAL ANDARELA | G-3669866 | 6 | 1 | Festival Fol. "Fiando Muiño" | 1.272,40 € | |
| | | | | 1b) | Festa de San Cristobo e S. Ana en Candean | 0,00 € | |
| | | | | 1b) | Magos e Serán ponhar | 1.072,91 € | 1.428,40 € |
| 6464-335 | AVCD SAN XURXO DE ZAMANG | G-3664890 | 2 | 2 | XXXI Festa da Amizade | 971,21 € | 971,21 € |
| 6529-335 | CASA DE ANDALUCIA EN VIGO | G-27273931 | 1 | 1 | Curso literario | 825,00 € | 825,00 € |
| 6465-335 | AV SAN PÓDLE | G-3669894 | 1 | 1 | Festa de Magosto | 587,94 € | 587,94 € |
| 6530-335 | COMISIÓN FESTAS DE VILAS DE BOLIXAS | G-36744888 | 9 | 1 | Festas Das Vilas de Xoan | 1.234,01 € | 1.234,01 € |
| 6469-335 | ASOCIACION CULTURAL ANDURIÑA | G-36898708 | 2 | 1 | Festa de San Xoán Habaneras y folfónica Coruxo | 789,34 € | 1.173,54 € |
| 6531-335 | A.V.C.D. SAN MIGUEL DE OIA | G-36648640 | 1 | 1 | Celebración Clórico "Chandainas" | 1.162,89 € | 1.901,95 € |
| 6473-335 | A.V.A. MOCA "LEIRA DE ALCABRE" | G-36646034 | 1 | 2 | Noite de San Xoán | 600,00 € | 600,00 € |
| 6532-335 | A.V. DO FREIXO DE VALADARES | G-36654184 | 1 | 2 | Noite de San Xoán eiras Galegas e do Socio | 600,00 € | 600,00 € |
| 6533-335 | ASOCIACIÓN DE BEBEMAB DE ANGA | G-36634608 | 2 | 2 | XXXV Festa dos Vellos e da convivencia | 1.125,00 € | 1.125,00 € |
| | | | | 1 | Comedia musical "A Noite de San Xoán" | 1.475,00 € | |
| | | | | 1 | Imitacoe de festas de Santa Ana | 1.379,88 € | 1.850,88 € |
| 6534-335 | COLECCIÓN DO INNOVATIVO DE FREIXO | G-27971905 | 6 | 1 | Navia, Para Oued Arte | 1.092,01 € | |
| | | | | 1 | Festas Patronais San Xoán Freixo | 971,21 € | 971,21 € |
| 6476-335 | A.V. MOVEMENTO CIDADANO DO BARRIO | G-36784226 | 2 | 2 | Festa de San Xoán | 600,00 € | 1.700,00 € |
| 6535-335 | AVRS DO BARRIO DE VALADARES DE VIG | G-36648900 | 3 | 1 | Festa da Sardiña | 600,00 € | |
| | | | | 1 | Festas de San Xoán eiras Galegas e do Socio | 600,00 € | |
| | | | | 1 | XXXV Festa dos Vellos e da convivencia | 627,24 € | 1.227,24 € |
| 6536-335 | ASOCIACIÓN CULTURAL DE AMARDEUS | G-27904988 | 1 | 2 | Noite de San Xoán Coral Xoven Amadeus | 600,00 € | 600,00 € |
| 6483-335 | MANPARESE FESTAS SANTA MARINA CABE | G-36693315 | 2 | 2 | Festas Patronais Santa Mariña | 1.493,77 € | 1.493,77 € |
| 6538-335 | COMUNICACIÓN CENTRAL DE CERREIRA | G-27366380 | 1 | 2 | Festival do Entroido Infantil | 825,56 € | 825,56 € |
| 6539-335 | A. P. KARADAL | G-36604064 | 2 | 2 | XXX Romar de Pan de Millo | 2.147,75 € | 2.147,75 € |
| 6540-335 | PROXECIÓNS DEPORTAL CULTOR MELS | G-36791291 | 2 | 1 | Agosto Popular | 325,00 € | 325,00 € |
| | | | | 2 | Representación Dramatizada dos Maos | 910,51 € | 910,51 € |
| | | | | 2 | Festa de San Xoán | 910,51 € | 910,51 € |
| 6488-335 | AVD NAUTAS DE O SARRA | G-36647032 | 2 | 2 | Festa de San Xoán no Barrio | 708,70 € | 1.164,85 € |
| | | | | 2 | Festa do Socio | 800,00 € | 607,00 € |
| 6491-335 | A.V. PRAZA DA MIÑOCA | G-36842284 | 2 | 2 | Festa de San Xoán | 800,00 € | 607,00 € |
| 6492-335 | AVCD SANTA MARINA DE CABRAL | G-36651073 | 1 | 2 | Festa de San Xoán | 800,00 € | 1.700,00 € |
| 6493-335 | ASOCIACIÓN CULTURAL NEGRO SON | G-36701910 | 1 | 1 | Gravación disco Asoc. Cultural Negro Son | 1.072,37 € | 1.072,37 € |
| 6495-335 | AVCD SAN MAMEDE DE ZAMANG | G-36691095 | 1 | 2 | Arte en Movemento | 669,34 € | 669,34 € |
| 6496-335 | AVCD SAN MAMEDE DE ZAMANG | G-36691095 | 1 | 2 | Festa do Socio | 669,34 € | 669,34 € |
| 6499-335 | CARRIZO DE ORENTAL VALADARES | G-36695496 | 1 | 2 | Mostra "Lauding - Memorial Moxenas" | 1.052,47 € | 708,17 € |
| 6497-335 | ASOCIACIÓN ABOAL | G-36806693 | 2 | 1 | Corriente de Mandalas | 800,00 € | 2.000,00 € |
| 6501-335 | A.V.C.D. CANDEÁN | G-36663338 | 1 | 2 | X-Cerzama Intermedia Regueifas | 1.080,04 € | 870,04 € |
| 6502-335 | AVCU-CSCR DE BEADE | G-36739376 | 2 | 1 | Festa Folclórica | 800,00 € | 1.870,04 € |
| 6502-335 | AVCU-CSCR DE BEADE | G-36632081 | 2 | 2 | Beadé Dinámica | 971,21 € | |
| | | | | 3c) | XXXI Feira-Festa da Cereixa | 1.497,28 € | 3.548,48 € |
| 6503-335 | AVCU-CSCDR VAL DO FRAGOSO | G-36640860 | 2 | 2 | Noite de San Xoán | 300,00 € | 300,00 € |
| 6504-335 | ASOCIACIÓN CULTURALE D. XESTAS | G-36628543 | 3 | 3 | Festas Tradicionais (Magosto, San Xoán) | 256,70 € | |
| | | | | 3c) | Festa da Tortilla-Churrasco | 472,50 € | 729,20 € |
| 6505-335 | A.V.C.D. MONTE DA MINA DE CASTRELOS | G-36623593 | 2 | 2 | Festa da Convivencia | 809,34 € | 809,34 € |
| 6506-335 | A.V. FEIRA DO CABRAL | G-36729796 | 3 | 3 | XVI Edición Festa do Xurelo | 829,57 € | 829,57 € |
| 6507-335 | A.V. PEDRA MOURA DE CORUXO | G-36973840 | 1 | 1 | Celebr. Días das Letras Galegas | 647,47 € | 647,47 € |
| 6508-335 | ASOCIACIÓN CULTURAL O COTO | G-36627941 | 3 | 3 | XXIX Festa do Cabazo | 1.294,94 € | 1.294,94 € |
| 6509-335 | ASO. SOLIDARIA DE GALICIA (ASDEGAL) | G-27727593 | 1 | 1 | Andainas Solidarias | 0,00 € | 0,00 € |
| 6510-335 | IRMA. FESTAS DE SAN CAMPIO-VALADARES | G-36840940 | 3 | 3 | Festas Patronais | 1.436,58 € | 1.436,58 € |
| 6511-335 | COMISIÓN DE FESTAS DA GUÍA-TEIS | G-36731404 | 2 | 2 | Festa Primavera | 627,24 € | |
| | | | | 3b) | Festa Patronal | 1.072,37 € | 1.699,61 € |
| 6512-335 | ASOC. PRMO. DANZA COREOMAGAZINE | G-27813351 | 1 | 1 | Summertime | 0,00 € | 0,00 € |
| 6513-335 | A.V.C.D. DE LAVADORES | G-36633618 | 1 | 1 | Venres Musicais | 809,34 € | |
| | | | | 2 | Lavadores Asoc. 40 Aniversario | 708,17 € | |
| | | | | 3c) | I Mostra Lavadores e I Festa do Porco o Espeto | 607,00 € | 2.124,51 € |
| 6515-335 | ASOC. CULTURAL REECANTO PRODUCCIÓN | G-27780766 | 1 | 1 | Festival Primavera do Cine | 0,00 € | |
| | | | | 2 | Primavera do cine nos Barrios | 977,44 € | 977,44 € |
| 6516-335 | ASOCIACIÓN CULTURAL TRASPÉS | G-27739861 | 1 | 2 | IV Concurso Canto e Percusión tradicional | 1.000,00 € | 2.000,00 € |
| 6517-335 | AVCD SAMPAIO | G-36648103 | 2 | 2 | Festa de San Xoán-Sardiñada | 627,24 € | 627,24 € |
| 6518-335 | ASOC. CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS | G-36769214 | 3 | 3 | Festas Patronais San Salvador de Teis | 0,00 € | 0,00 € |
| 6519-335 | ASOCIACIÓN 3ª EDAD QUINONES DE LEON | G-36760064 | 2 | 2 | Festa do Socio | 0,00 € | 0,00 € |
| 6520-335 | CRAC DE CORUXO | G-36627495 | 1 | 1 | Homenaxe ao Gaitero | 1.173,54 € | |
| | | | | 2 | Entroido-Enterro do Castrón | 829,57 € | 2.003,11 € |
| 6521-335 | ANPA IES CARLOS CASARES DE VIGO | G-27823087 | 1 | 1 | Teatro Interactivo en Inglés | 585,00 € | 585,00 € |

Segundo.- Á exclusión das solicitudes ás que se refiren as bases cuarta e sétima, sendo a relación de solicitudes desestimadas a seguinte:

| EXPTE. | NOME ENTIDADE | CIF | CAUSA DE DESESTIMACIÓN |
|----------|--|------------|--|
| 6512-335 | As. Art. e Cultural para a Promoción da Danza. COREOMAGAZINE | G-27813351 | Base cuarta. 1. |
| 6509-335 | As. Solidaria de Galicia (ASDEGAL) | G-27727593 | Base oitava.2 e 12 |
| 6477-335 | AV Nosas Ruas as Travesía de Vigo | G-36633030 | A actividade: "Chourizada 2016" atópase na causa de desestimación Base oitava 7. |
| 6519-335 | Asociación 3ª Edad Quiñones de León | G-36760064 | Base oitava. 7. |

Terceiro.-O prazo de xustificación das subvencións para programas de actividades socioculturais 2016 unha vez rematado o programa e como data límite o día 2 de decembro de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1032).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE SETEMBRO DO ANO 2016. EXPTE. 7329/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19/10/16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de setembro do ano 2016.

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicatario | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|----------|------|--|------------------------------|-------------------------|--------------|-------------|
| 7287-224 | CMSE | Elaboración de materiais didácticos e impartición de obradoiros de coeducación nos centros de ensino do programa "Camiña con nós pola igualdade" | Mulleres Progresitas de Vigo | 23112279906 | 19/09/16 | 6.763,00 € |
| 7295-224 | CMSE | Dinamización e execución de traballos do programa de actividades "Enlaza Vigo" | Xoma Iniciativas Sociais SL | 23112279906 | 30/09/16 | 21.767,90 € |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(1033).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO ENLAZAVIGO 2016 DURANTE A SEMANA 18 AO 26 DE NOVEMBRO, CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 7377/224.

Dáse conta do informe-proposta do 25/10/16, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado polo secretario de Admón. Municipal e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

Con motivo da conmemoración o vindeiro 25 de Novembro, do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller, presidido pola concelleira de Igualdade, logo do éxito acadado en anteriores edicións, propoñen volver a pór en marcha a iniciativa Enlaza Vigo, para reflectir o compromiso real do conxunto da cidadanía no combate do terrorismo machista. Esta iniciativa foi premiada no ano 2013 no Concurso de Boas Prácticas Locais contra a Violencia de Xénero, promovido pola Federación Española de Municipios e Provincias e pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

Case 2.000 alumnos e alumnas de ensino secundario de Vigo e unha representación da cidadanía participaron na iniciativa Enlaza Vigo-Reacción Cidadá contra a Violencia de Xénero no ano 2015.

Nesta edición de 2016, [Enlaza Vigo](#) desenvolverá as seguintes accións:

I. Creación dun tapiz humano na rúa Colón e Urzaíz (venres, 25 de novembro pola mañá).

Esta é a actividade central do evento ENLAZA VIGO, á que se convocará a participar a toda a cidadanía viguesa así como aos centros de ensino secundario da cidade. Haberá dinamización de actividades de rúa entre as 10:00 e as 13:00 horas do venres, 25 de novembro, no tramo comprendido entre Urzaiz-República Arxentina; Colón-Uruguai e diante do museo MARCO, na rúa do Príncipe.

As actividades previstas son as seguintes:

- Sonorización aérea do espazo de actividades do 20 ao 24 de novembro.*
- Descarga de vallas para acote de espazo de actividade durante a tarde do 24 de novembro.*
- Descarga de material para a montaxe do escenario da actividade. A partir das 7 da mañá do venres, 25 de novembro.*
- Chegada do alumnado dos centros de ensino o 25 de novembro entre as 10:00 e 11:40 h*

- *Realización de actividades de rúa: performance, actividades musicais, actividades artísticas, actividades informativas, etc, o venres, 25 de novembro entre as 10:00 e 12:00 h*
- *Realización dun tapiz humano con 2500-3000 persoas, o venres, 25 novembro, entre as 11:40h-12:20 h.*
- *Lectura do manifesto central no escenario instalado ao carón da Farola de Urzaiz a cargo de representación do goberno municipal, o venres, 25 novembro, entre 11:40 -12:20 h.*
- *Regreso do alumnado para os respectivos centros de ensino: venres, 25 novembro, entre 12:20-13:00 h.*
- *Recollida das vallas e do material de escenario: venres, 25 novembro, entre as 13.00 e 20:00 h.*

II. Realización dunha exposición colectiva sobre paneis (50 m lineais) colocados a ambos lados das escaleiras do Museo MARCO. Durante a semana do 18 ao 26 de novembro estarán expostas as obras realizadas polos centros de ensino e demais colectivos da cidade.

A exposición complementarase cunha carpa de 4x4 m e elementos de comunicación que durante ese período informará á cidadanía sobre o que é a violencia de xénero, como previla e os recursos sociais que hai en Vigo, así como información da actividade central de ENLAZA VIGO .

III. Colocación de lazos de cor lila co lema “Vigo, libre de violencias machistas. 25N” nos principais monumentos e rotondas da cidade: Fonte dos Cabalos, O Sireno, A Porta do Atlántico, Praza da Constitución, Praza 8 de marzo, Praza da Princesa, rotonda do barco de Coia, Rotonda da Praza da Industria, Fonte do Calvario, Rotonda de Navia, etc. Durante o período 21 ao 27 de novembro

Para a realización das tres actividades descritas, é necesario xestionar os seguintes trámites:

- *Autorización para uso de espazo público dianteiro do Museo Marco entre os días 18 ao 26 de novembro, coa colocación de soportes de exposición lineais, dunha carpa 4x4m e de elementos de comunicación.*
- *Autorización para carga e descarga de material os días 17 e 18 de novembro, no entorno do Museo MARCO.*
- *Conexión de luz para a carpa situado o punto de enganche no inicio do edificio do Museo Marco entrando por rúa Príncipe.*
- *Autorización para uso do espazo comprendido entre Urzaiz-República Arxentina e Colón-Uruguai o venres 25 de novembro, con corte de circulación en horario comprendido entre 10:15 – 13:00 horas.*
- *Autorización para carga e descarga de material os días 24 e 25 de novembro.*
- *Autorización para a sonorización aérea do espazo citado.*
- *Conexión de luz para o escenario situado o punto de enganche no entorno da farola de Urzaiz.*

- *Autorización para o aparcamento de autobuses para descarga e carga de escolares nos entornos do espazo citado o venres 25 de novembro.*
- *Dotación de servizo de policía local e de asistencia sanitaria para o venres 25 de novembro.*
- *Autorización para colocación da tela de cor lila co lema "Vigo, libre de violencias machistas 25N" nos principais monumentos e rotondas da cidade.*

Unha vez autorizado o evento ENLAZA VIGO 2016 pola Xunta de Goberno Local, solicitaranse os permisos necesarios na oficina de Seguridade, Mobilidade e Transporte.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Autorizar á Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller a organizar o evento ENLAZAVIGO 2016, durante a semana do 18 ao 26 de novembro, con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1034).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DO EXTINTO OO.AA. MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO. EXPTE. 6348/12.

Visto o informe xurídico do 14/10/16 e informe de fiscalización do 17/10/16, dáse conta do informe-proposta do 11/10/16, do director de Réxime Interior Zoo, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 4 de novembro de 2015, o Consello de Administración do extinto OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VigoZoo, acordou a clasificación en primeiro lugar da empresa "BABADIVA, S.L." CIF B36943579 no proceso de licitación para a contratación dos servizos de desenvolvemento de actividades recollidas no programa educativo de VigoZoo.

Unha vez realizados os trámites oportunos e presentada a documentación correspondente, a Sra. Presidenta do extinto Organismo, con data 30 de decembro de 2015, por delegación do Consello de Administración, como órgano de contratación e tralo informe favorable de fiscalización da Intervención Delegada adoptou o acordo de adxudicar o contrato de servizos para o desenvolvemento das actividades do Departamento de Educación Ambiental do extinto OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VigoZoo, á mercantil "BABADIVA, S.L." CIF B36943579, por un importe de 44.165,00 € (IVE engadido), e un período de execución de 1 ano contado dende o día 1 de xaneiro de 2016, podéndose prorrogar expresamente por un ano máis, sempre que mediase acordo expreso do Consello de Administración de VigoZoo, e que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato.

Indicar que, de acordo do Pleno Municipal de data 26 de outubro de 2015, polo que se aproba a modificación da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de ocio e tempo libre (Parque das Ciencias VigoZoo), pasando VigoZoo a desaparecer como Organismo Autónomo Municipal para ser xestionado directamente polo Concello de Vigo. Como consecuencia, a competencia respecto a acordo expreso do Consello de Administración queda supeditada a dito cambio de xestión.

O contrato para a contratación dos servizos de desenvolvemento de actividades recollidas no programa educativo de VigoZoo remata o 31 de decembro de 2016, polo que é necesario, se procede, iniciar o procedemento de prórroga do mesmo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación.

A estes efectos, infórmase sobre este aspecto:

- a) Segundo a cláusula 4ª do contrato de referencia, o prazo do contrato é de 1 ano, contado dende o 1 de xaneiro de 2016.
- b) Tal e como se recolle na cláusula 7.3 do prego de cláusulas particulares, parte integrante do contrato, éste poderá prorrogarse por un ano máis, sempre que medie acordo expreso entre o Órgano de contratación e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato.
- c) Non existe por parte da empresa "BABADIVA, S.L." ningún documento que manifeste a súa desconformidade coa posibilidade de prorrogar este contrato ao día da data.
- d) As características do contrato permanecerán inalterables coa prórroga do mesmo.
- e) Por parte deste Servizo de VigoZoo, non se aprecia ningunha circunstancia que impida a continuación do devandito contrato, xa que se está realizando o servizo obxecto do contrato con plena satisfacción, non existindo incidencias a destacar.

Tendo en conta o anteriormente exposto, conforme o Real Decreto lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a autorización para aprobación da prórroga do contrato tal como se como se recolle na cláusula 7.3 do prego de cláusulas particulares, parte integrante do contrato asinado por ambas partes o 30 de decembro de 2015, salvando as circunstancias indicadas anteriormente respecto nova xestión do servizo de VigoZoo segundo acordo Plenario de data 26 de outubro de 2015, adoptando o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Autoriza-la prorrogar de UN ANO, o contrato dos servizos de desenvolvemento de actividades recollidas no programa educativo de VigoZoo de VigoZoo a favor da Empresa "BABADIVA, S.L." CIF B36943579, contado dende o día 1 de xaneiro de 2017, segundo se recolle na cláusula 7.3 do prego de cláusulas particulares, parte integrante do contrato asinado no seu momento, pola Presidenta do extinto Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo e a Empresa "BABADIVA, S.L." CIF B36943579 o pasado 30 de decembro de 2015.

O importe de dita prórroga é de 44.165,00 € (IVE engadido), que se imputará á partida orzamentaria 337.1.226.99.01 "Actividades programa Educativo" correspondente ao exercicio 2017.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 58 e 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1035).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, NO PRAZO DE GARANTÍA CONTRACTUAL. EXPTE. 7279/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/16, da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola xefa de Xestión Patrimonial e Territorial-Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou “*adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)*”.

O contrato de ditas obras foi asinado con data 17/11/2014, e recolle un prazo de garantía de 120 meses, polo que a mesma remata o 08/06/2025, sendo a acta de recepción de 08/06/2015.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 21 de novembro de 2014, acordou “*nomear a Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás como directores facultativos das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles*”.

Con data 6 de outubro de 2016, a dirección facultativa emite un informe no que se recollen diversas deficiencias apreciadas nas obras referidas, e que se transcribe a continuación:

“Redactase o presente informe co obxecto de dar conta das deficiencias detectadas ata a data de hoxe no ámbito das Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no que se inclúen os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a praza de Argüelles do Concello de Vigo, executadas pola empresa UNIKA Proyectos y Obras S.A..

No marco do procedemento de licitación, a citada empresa ofertou un incremento do prazo de garantía de 112 meses, acadando un período de garantía de 120 meses a contar dende a data de recepción positiva das obras, que se produciu o 8 de xuño de 2015. En consecuencia, a totalidade dos traballos executados atópanse en período de garantía, finalizando o mesmo o 8 de xuño de 2025.

RELACIÓN DE DEFICIENCIAS A REPARAR:

1. Fachadas: Varios treitos das fachadas de chapa pregada presentan deficiencias no seu acabado, con manchas blanquecinas e amarellentas que afectan tamén os rótulos dos locais comerciais e a diversos elementos da carpintería de madeira. A causa desta patoloxía semella atoparse no uso de lechadas de morteiro inadecuadas no tomado e/ou rexuntado do solado pétreo das pavimentacións efectuadas na parte superior, que ten sido diluída pola auga de chuvia, provocando arrastres con sedimentos calizos que danan seriamente os acabados dos diferentes paramentos verticais. (Fotos F.01-08)

2. Escaleiras: Do mesmo xeito, o arrastre citado de sedimentos de morteiro ven marcando progresivamente escorrentías nos pasos de escaleira de acceso á Praza de Argüelles, así coma no pavimento de pedra da propia rúa Elduayen. (Fotos F.09-12)

3. Barandillas: nas barandillas situadas sobre a rúa Abeleira Menéndez e escaleiras de acceso á Praza de Argüelles aprécianse diversos sinais de oxidación nestes elemento de protección, o que indica que seu tratamento, no que se contemplaba a reparación, lixado, imprimado e pintado, non foi correctamente executado. (Fotos F.13-14)

4. Entrada de auga e humidades no Local da Xoiería Delia Rosende: aprécianse entradas puntuais de auga e humidades neste local, sobre o que foi efectuada unha renovación integral da impermeabilización. (Fotos F.15-16)

5. Carpintería madeira: en diversos elementos da carpintería de madeira (esca-parates, portas de acceso ós locais) teñen aparecido fisuras e fendas de diversa consideración que poden deberse a un mal secado do material ou a unha deficiente protección do mesmo. (Fotos F.17-18).

En consecuencia, procede dar traslado á empresa Unika S.A. das deficiencias sinaladas para que se proceda de xeito inmediato á súa subsanación, fixándose un prazo de 1 mes para a revisión da execución destes traballos.”

ANEXO FOTOGRÁFICO:

F.01-02:

Tanto os revestimentos metálicos como os elementos de carpintería de madeira presentan sedimentos e arrastres que afectan seriamente ós acabados superficiais.



F.03-04:

A patoloxía descrita afecta a tódolos acabados dos paramentos verticais das fachadas, e mesmo ós pavimentos pétreos da beirarrúa da Rúa Elduayen.



F.05-08:

A patoloxía descrita afecta do mesmo xeito ós vinilos e acabados da rotulación dos locais. Tal e coma indican ós propietarios das actividades afectadas, estas manchas deixan unha base endurecida que imposibilita a súa limpeza con medios convencionais.



F.09-10:





A mesma afección apréciase con claridade no paso das escaleiras de subida á Praza de Argüelles, onde as manchas exténdense pola práctica totalidade do peldañado.

F.11-12:
Detalle do alcance das manchas nos dous treitos de escaleiras máis próximos á Rua Eldua-yen, extendéndose pola práctica totalidade do peldañado.



F.13-14:
O tratamento dos elementos de forxa das barandillas contemplaba a súa desmontaxe, reparación e lixado, para a súa posterior imprimación e pintado final. Aprécianse múltiples puntos con oxidacións que poñen de manifesto a insuficiencia do tratamento protector realizado.



| | |
|--|---|
|  |  |
| <p>F.15-16: humidades no interior do local da Xoiería Delia Rosende, afectando a paramentos verticais e elementos de madeira da carpintería dos expositores.</p> |  |
| <p>F.17-18: Fisuración en elementos de carpintería, portas de paso e escaparates.</p> |  |

De conformidade co disposto no artigo 235 RDL 3/2011, de 14 de novembro, o artigo 167.1 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, a cláusula 32.2 e seguintes do prego de cláusulas administrativas, o contratista está obrigado á conservación e policía da obra recibida.

Segundo informe dos arquitectos municipais, directores facultativos de ditas obras, de data 6 de outubro de 2016, existen deficiencias na construción das obras, polo que o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación das mesmas.

A cláusula 32.3 do prego de cláusulas administrativas responsabiliza ao contratista da conservación das obras con arranxo as instrucións que dite a dirección das obras, podendo o Concello, de incumprir as súas obrigas a contrata, executar os traballos a conta daquela.

A cláusula 35.1 do PCA tipifica como infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas do contrato, e no apartado 3 especifica a infracción por cumprimento defectuoso do contrato calificando moi grave a execución manifestamente irregular do contrato.

De conformidade co exposto, formúlase ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO: Incoar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. expediente para reparar deficiencias nas OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES no prazo de garantía contractual.

SEGUNDO: Conceder a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. un prazo de audiencia de dez días, a contar dende a recepción da notificación do presente acordo para que poda, segundo o previsto nos artigos 53.1 e) e 76 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, presentar alegacións, utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e aportar documentos.

TERCEIRO: Apercibir a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U que o incumprimento das súas obrigas no período de garantía das obras, suporá a execución destas por parte da Administración municipal a conta da mesma e a incautación da garantía correspondente.

CUARTO: Apercibir a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U que constitúe infracción administrativa as accións ou omisións que supoñan vulneración das obrigas do contrato, especificamente infracción moi grave, o cumprimento defectuoso do contrato.

QUINTO: Advertir a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U que con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá imponer ao contratista multas coercitivas, segundo prevé a cláusula 36.1 do PCA, cando non se atenda ao requerimento previo que lle efectúe o responsable do contrato para o cumprimento das súas obrigas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1036).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO DE VIGO. EXPTE. 8348/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/10/16, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/16, da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola xefa de Xestión Patrimonial e Territorial-Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Os Orzamentos Xerais do Estado-Ministerio de Fomento recollen o proxecto de “Recuperación e posta en valor da muralla de O Castro en Vigo, Pontevedra”, a executar nos anos 2016 e 2017 (201617090619).

Así, a Concelleira de Patrimonio Histórico resolveu na data do 15/04/2016 contratar á empresa PETTRA S.L., a *redacción do proxecto de execución das obras de restauración e recuperación da muralla do Castelo de O Castro, en Vigo*.

Con data 10/06/2016, o Concello de Vigo presenta no rexistro xeral do Ministerio de Fomento (doc. 20160000050035), documentación relativa a unha proposta de “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL MINISTERIO DE FOMENTO Y EL CONCELO DE VIGO PARA LA EJECUCIÓN DE LA RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE LA MURALLA DE O CASTRO EN VIGO (PONTEVEDRA)”, así como un exemplar do “PROYECTO DE EJECUCIÓN DE LA RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE LA MURALLA DE O CASTRO EN VIGO (PONTEVEDRA)”.

O borrador do convenio recolle o seguinte na cláusula cuarta:

“El importe de esta actuación asciende a 800.000,00 euros, distribuido del siguiente modo:

–El Ministerio de Fomento aportará la cantidad de 600.660,00 euros.

2. El Concello de Vigo, realizará la aportación íntegra de 199.340,00 euros, mediante una transferencia de crédito a favor de la Administración General del Estado, que deberá hacerse efectiva una vez se haya aprobado definitivamente el proyecto de recuperación y puesta en valor de la muralla de O Castro en Vigo y previamente a la licitación de las obras de cara a garantizar la disponibilidad presupuestaria para el desarrollo de las mismas.”

Dito proxecto pretende actuar sobre os aspectos de conservación, eliminación de elementos discordantes, actuacións sobre accesibilidade e urbanización, mellora da integración ambiental e reposición de servizos.

Con data 10 de outubro de 2016, a Oficina de Supervisión de Proxectos emite informe favorable ao proxecto referido.

Deste xeito, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

– Aprobar o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO DE VIGO, redactado polo enxeñeiro Santiago N. López Fontán e o arquitecto Antonio Iglesias Álvaro-Gracia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1037).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 35.037,06 € A FAVOR DE BBVAFINANCIA AUTORENTING S.A., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ARRENDAMENTO NA MODALIDADE DE RENTING DOS VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL, XUÑO-XULLO 2016. EXPTE. 50084/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/09/16, dáse conta do informe-proposta de 21/09/16, asinado polo xefe de área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo intendente da Policía Local e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. O pasado 20 de novembro de 2015, o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade mediante Decreto resolveu:

“1º Que ante a inminente extinción do actual contrato de renting dos vehículos de vehículos para a Policía Local (expte 34411/212), sin rematar a adxudicación do seguinte, e dada a indispensabilidade do mesmo para o eficaz exercicio das competencias propias en materia de Policía Local, ordenar que se siga prestando o servizo pola adxudicataria do actual contrato de renting.

En consecuencia, solicitar a BBVA FINANCIA AUTORENTING, S.A., que nas mesmas condicións económicas actuais, continúe coa prestación do servizo de renting dos 14 vehículos que próximamente rematan a prórroga, en tanto en canto non se comence a executar o próximo contrato.

Os vehículos e as datas de continuación da prestación son os seguintes:

–27/11/2015:

2642HDK; 2656HDK; 2641HDK; 2643HDK; 2644HDK.

–10/12/2015:

2645HDK; 1738HDK; 2655HDK; 2647HDK; 1739HDK.

–30/12/2015

2658HDK; 2659HDK; 2653HDK; 2660HDK.

2º.- Que polo servizo da Policía Local se traslade a BBVA Financia Autorenting, S.A dita solicitude de continuación do servizo”.

II. Non en tanto, o 29 de decembro de 2015 causou baixa por sinistro total o vehículo matrícula 2655HDK. Asimesmo, o 26/03/2016, rematou a prórroga dos dous vehículos da clase 3: 4718HDS e 3213HGB.

III. A mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776 presenta a través da plataforma FACE:

–Factura nº 11E169910000080050, data de 01/06/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213 HGB para o periodo 01/06/2016 ao 30/06/2016, (expte. 50083/212).

–Factura nº 11E169910000080051, data de 01/06/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718 HDS para o periodo 01/06/2016 ao 30/06/2016, (expte. 50085/212).

–Factura nº 11E169910000080052, data de 01/06/2016, por importe de 14.780,45 €, para o periodo 01/06/2016 ao 30/06/2016, en concepto de renting dos seguintes vehículos: 1738HDK, 1739HDK, 2641HDK, 2642,HDK, 2643HDK, 2644HDK,

2645HDK, 2647HDK, 2653HDK, 2656HDK, 2658HDK, 2659HDK, 2660HDK;
(expte. 50086/212).

–Factura nº 11E169910000094889, data de 01/07/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213 HGB para o período 01/07/2016 ao 31/07/2016, (expte. 50088/212).

–Factura nº 11E169910000094890, data de 01/07/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718 HDS para o período 01/07/2016 ao 31/07/2016, (expte. 50089/212).

–Factura nº 11E169910000094891, data de 01/07/2016, por importe de 14.780,45 €, para o período 01/07/2016 ao 31/07/2016, en concepto de renting dos seguintes vehículos: 1738HDK, 1739HDK, 2641HDK, 2642,HDK, 2643HDK, 2644HDK, 2645HDK, 2647HDK, 2653HDK, 2656HDK, 2658HDK, 2659HDK, 2660HDK; (expte. 50087/212).

IMPORTE TOTAL:..... 35.037,06 €

IV. Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, por importe de 35.037,06 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 15 vehículos policiais, dende o 01 de xuño de 2016 ata o 31 de xullo do 2016, segundo as facturas que se detallan no apartado IX, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comenza a executarse o novo contrato de renting (expte. 43577/212), que xa foi adxudicado polo órgano de contratación ao Banco Santander e, actualmente, atópase en fase de formalización . Mentras tanto o Concello, ao carecer de vehículos policiais propios, sigue precisando do servizo de arrendamento de vehículos na modalidade de renting para a prestación dos servizos de disciplina do tráfico e seguridade de persoas e bens legalmente encomendados conforme aos estándares de eficacia socialmente esixidos.

Non en tanto a prestación durante este curto período que transita entre o remate da prórroga do anterior contrato de renting e o comenzo da execución no novo contrato en trámite, carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual, que non se obtería en mellores condicións económicas acudindo a un procedemento de contratación dos previstos no TRL-CSP.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

O importe das mesmas responde aos prezos do contrato de renting extinguido, prezos máis baixos cós que rixen actualmente no mercado

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da policía local) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporouse tamén a declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de renting dos vehículos policías resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local, materia sobre a que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 diciembre, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, lévase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei Orgánica 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

1. Aprobar a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de de 35.037,06 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos 15 vehículos policiais que se

determinan nas facturas, dende o 1 de xuño ata o 31 de xullo do 2016, segundo as facturas que se detallan nos antecedentes, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.”

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da policía local) e o su nivel de vinculación xurídica.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1038).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS. EXPTE. 90514/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/10/16 e informe de fiscalización do 18/10/16, dáse conta do informe-proposta 26/10/16, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 06 de maio de 2016 adoptou acordo polo que dispuso

“Aprobar o expediente de contratación para a nova licitación do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (Expte: 90514-210) ...”

SEGUNDO.- Contra o citado acordo e conseguinte apertura do periodo de licitación, interpuséronse tres recursos especiais en materia de contratación que remataron en dous resolucions do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (números 470, 471 e 570 de 2016).

A Resolución 534/16 desestimou os recurso interpostos polas mercantiles ESYCSA e INDI-GO PARK ESPAÑA, S.A.U. (recursos 470 e 471 do 2016).

A Resolución 505/16 estimou parcialmente o recurso interposto pola mercantil DORNIER, S.A. (recurso 570/16). Na propia Resolución acordouse levantar a suspensión do procedemento de licitación adoptada polo Tribunal o 23 de xuño a instancia da recurrente.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 29 de xullo de 2016 tomou razón das resolucions mencionadas no apartado anterior.

CUARTO.- En execución da Resolución 505/16, procedeuse a modificar os seguintes contidos dos documentos contractuais:

1.- Polo Servizo de Contratación modificouse a cláusula 36ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, deixándoa sen contido.

2.- Pola Área de Mobilidade e Seguridade modificouse o Prego Técnico (art. 5, Anexo I) e o Estudo Económico-financeiro para excluir do ámbito regulado ás prazas da rúa Cánovas del Castillo, que non é de titularidade municipal.

QUINTO.- Complimentadas ditas modificacións, se solicitan e evacúan senllos informes preceptivos da Asesoría Xurídica (04 de outubro) e da Intervención Xeral (18 de outubro), favorables á aprobación do expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Na iniciación e tramitación do expediente se teñen observado os requisitos establecidos no art. 109 do Texto refundido da lei de contratos do sector público aprobado polo RDL 3/2011.

A competencia de iniciación ten fundamento no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, sobre delegación de competencias nos concelleiros delegados.

Ao expediente incorpóranse:

Memoria xustificativa do contrato de 27 de outubro de 2015 e Prego de Prescricións Técnicas (art. 109.3 e concordantes) de 31 de agosto de 2016, asinado polo Enxeñeiro técnico de Seguridade e Mobilidade, o Xefe do Servizo de Administración Electrónica e o funcionario asinante desta proposta.

Estudo Económico-Financeiro (art. 109.4) de 31 de agosto de 2016, asinado polo Enxeñeiro técnico de Seguridade e Mobilidade e polo asinante desta proposta.

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (art. 109.3, art. 120 e concordantes) asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de 05 de agosto de 2016.

Copia do Convenio Colectivo do persoal adscrito ao servizo (art. 120 e concordantes), asinado polo funcionario responsable desta proposta.

SEGUNDO.- A modificación dos documentos que integran o expediente de contratación aconsella unha nova aprobación do expediente completo.

Corresponde á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a aprobación do expediente e conseguinte apertura do procedemento de adxudicación (art. 110, en relación coa D.A. 2ª, 3 e 7 LCSP).

TERCEIRO.- O expediente ten por obxecto un contrato de concesión de servizos segundo DIRECTIVA 2014/23/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, de 26 de febreiro de 2014.

A licitación e adxudicación regularase polas normas do procedemento aberto, tramitación ordinaria.

Está suxeita a regulación harmonizada.

É susceptible do recurso especial do art. 40 LCSP.

CUARTO.- A aprobación do expediente non está suxeito á existencia de crédito adecuado e suficiente en canto a retribución do contratista se percibe directamente dos usuarios do servizo (art. 281.1 ao final LCSP).

QUINTO.- Constan informes favorables ao expediente, emitidos pola Asesoría Xurídica o 3 de maio e 04 de outubro de 2016 (D.A. 2ª 7 LCSP).

SEXTO.- Constan no expediente informes de conformidade da Intervención Xeral, de datas 20 de xaneiro, 03 de maio e 18 de outubro de 2016.

En mérito de canto antecede, o funcionario que subscribe ven en propoñer ao Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade que, previo informe da Intervención Xeral (D.A. 2ª 7 LCSP), eleve a Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Aprobar o expediente de contratación para a nova licitación do servizo público de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (Expte: 90514-210), en réxime de contrato de concesión de servizos segundo DIRECTIVA 2014/23/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, de 26 de febreiro de 2014, integrado polos seguintes documentos:

- Memoria xustificativa do contrato de 27 de outubro de 2015 e Prego de Prescricións Técnicas (art. 109.3 e concordantes) de 31 de agosto de 2016, asinado polo Enxeñeiro técnico de Seguridade e Mobilidade, o Xefe do Servizo de Administración Electrónica e o funcionario asinante desta proposta.

- Estudo Económico-Financeiro (art. 109.4) de 31 de agosto de 2016, asinado polo Enxeñeiro técnico de Seguridade e Mobilidade e o asinante desta proposta.

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (art. 109.3, art. 120 e concordantes) asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de 05 de agosto de 2016.

- Copia do Convenio Colectivo do persoal adscrito ao servizo (art. 120 e concordantes), asinado polo funcionario responsable desta proposta.

2º.- Dispoñer, en consecuencia, a apertura do período de licitación polas normas do procedemento aberto, con tramitación ordinaria e suxeito ao recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1039).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS". EXPTE. 14147/331.

Visto o informe de fiscalización de data 20/10/16, dáse conta do informe-proposta do 06/10/16, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo secretario de Admón. Municipal, polo concelleiro-delegado de cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.-

Con data 3 de abril de 2014 asinouse o contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal "Xosé Neira Vilas" (expte 14147/331) entre o Concello de Vigo e a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L., CIF B15648595.

O contrato fora adxudicado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 14 de marzo de 2014; os pregos de cláusulas técnicas (PPT) e administrativas (PCAP) que rexen para este contrato, e forman parte del, foran aprobados pola Xunta de Goberno Local do 14 de xuño de 2013.

O prazo do contrato é de tres anos, contados dende o 3 de abril de 2014, e o prezo de 762.300 € (setecentos sesenta e dous mil trescentos euros), IVE incluído.

O prezo anual de licitación ascendía a 272.700 €; de acordo coa oferta da empresa adxudicataria LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L. e o acordo da XGL de adxudicación (14 de marzo 2014) o importe anual do contrato ascendía a 254.100 €.

2.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

A cláusula 30 do PCAP sobre "REVISIÓN DE PREZOS" establece:

"1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación."

E o apartado 3.J da FEC dice que "Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe, e recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade."

A Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2016 aprbou a primeira revisión de prezos por cumprirse as condicións establecidas no PCAP, para o período de aplicación do novo prezo do contrato dende o 3 de abril de 2015 ata o 2 de abril de 2016, un prezo anual de 254.608,20 € (douscentos cincuenta e catro mil seiscientos oito euros con vinte céntimos) e un prezo mensual de 21.217,35 € (vinteún mil douscentos dezasete euros con trinta e cinco céntimos).

Agora procedería a segunda revisión de prezos que se realizaría según o seguinte:

- Data de adxudicación do contrato.- 14 de marzo de 2014.

- Data de sinatura do contrato.- 3 de abril de 2014.

- Data de primeira revisión.- 3 de abril de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

- Fórmula para a revisión.- 50% da variación do IPC nacional, no período definido no apartado 3.J das FEC.

- Período de revisión.- abril 2015- abril 2016

Importe da variación do prezo.-

A variación do IPC nacional entre o período abril de 2015 e abril de 2016 é, según o documento que se achega no expediente, do -1,1%, polo que a variación do prezo do contrato a aplicar é do -0,55 %, que supón o 50% da variación do IPC no período correspondente.

Período do novo prezo do contrato.-

O período de aplicación do novo prezo do contrato sería dende o 3 de abril de 2016 ata o 2 de abril de 2017.

3.- NOVOS PREZOS DO CONTRATO.-

O prezo anual do contrato trala primeira revisión foi de 254.608,20 € ive engadido, polo que se aplicamos a variación correspondente do IPC ($254.608,20 * -0,55 \% = -1.400,35 \text{ €}$), o resultado sería para o período do 3 de abril de 2016 ata o 2 de abril de 2017:

- importe anual de 253.207,85 €, ive engadido
- importe mensual de 21.100,65 €, ive engadido

4.- ATRASOS PARA A PRIMEIRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

Os atrasos a regularizar por parte da empresa adxudicatária serían, para o prazo do 3 de abril de 2016 ata o 30 de setembro de 2016, os seguintes:

- Período 3/04/16 ao 30/04/16: $707,25 \text{ €/día} * 28 \text{ días} = 19.802,86 \text{ €} * -0,55\% = -108,92 \text{ €}$
- Período 1/05/16 a 30/09/16: $21.217,35 \text{ €/mes} * 5 \text{ meses} = 106.086,75 \text{ €} * -0,55\% = -583,48 \text{ €}$

TOTAL ATRASOS: 3/04/16 a 30/09/16: -692,40 €

Polo exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do secretario de Administración Municipal e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, previo o informe da Intervención Xeral, faise á seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

"1.- Que se aprobe o novo prezo anual do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal "Xosé Neira Vilas" (expte 14147/331) entre o Concello de Vigo e a empresa LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L., CIF B15648595; como consecuencia da aplicación da segunda revisión de prezos.

- Data de adxudicación do contrato.- 14 de marzo de 2014.

- Data de sinatura do contrato.- 3 de abril de 2014.

- Data de primeira revisión.- 3 de abril de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

- Fórmula para a revisión.- 50% da variación do IPC nacional, no período definido no apartado 3.J das FEC.

- Período da segunda revisión.- abril 2015- abril 2016

- Importe da variación do prezo.- -0,55 %, que é o 50% da variación do IPC nacional entre abril de 2015 e abril de 2016 (-1,1%), o que suporía un importe de -1.400,35 (254.608,20 prezo anual trala primeira revisión * -0,55%), iva engadido.

- Período do novo prezo do contrato: o período de aplicación do novo prezo do contrato sería dende o 3 de abril de 2016 ata o 2 de abril de 2017.

- Prezo anual do contrato para o período indicado.- 253.207,85 € € (douscentos cincuenta e tres mil seiscentos douscentos sete euros con oitenta e cinco céntimos) que se imputarán á aplicación orzamentaria 3321.227.99.10.

2.- Que a regularización da revisión de prezos para o período 3 de abril de 2016 ao 30 de setembro de 2016, por un importe de -692,40 € (menos seiscentos noventa e dous euros con corenta céntimos), se realice na primeira factura emitida pola empresa adxudicataria unha vez lle sexa notificado este acordo.

3.- Que a partir da notificación do acordo da aprobación de novos prezos a empresa adxudicataria facture a prezos actualizados, que supón un importe mensual de 21.100,65 € € (vinteun mil cen euros con sesenta e cinco céntimos)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1040).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE II”. EXPTE. 3297/443.

Dáse conta do informe-proposta do 26/10/16 do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do departamento administrativo da Alcaldía e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

I.- A Mesa de Contratación de data 19/10/2016 acordou, entre outros: propoñer ao órgano de contratación: «Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A, o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da Rúa Ferreiros. Fase II” (3893-440) por un prezo de 124.585,71 euros, IVE engadido».

II.- Aprobada que sexa a anterior porposta pola Xunta de Goberno Local procede aprobar o nomeamento da Dirección facultativa da obra e as demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire a presente proposta, daquela, subordinada á dita previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación.

2.- Fundamentos técnicos e xurídicos:

I.- Dirección facultativa.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación do expediente 3893/440, establece no punto 4, da cláusula 1), que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao

proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo dispón que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, especificando a continuación as súas funcións .

De acordo Visto o indicado con anterioridade, e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consisten na Humanización da Rúa Ferreiros, Fase II.

II.- Delegación de competencias de execución

A Xunta de Goberno Local en data 08.07.2016 acordou “Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do Proxecto “Humanización da Rúa Ferreiros. Fase II”

A axilidade e eficiencia que require a xestión do importante volume de contratos de obra que tramita a Área de Fomento do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación ata a recepción das obras aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Fomento; razóns polas cales proponse a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP; disposición do artigo 127.2 LRBRL que ha de entenderse referida a esta disposición adicional.

A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

3.- Proposta:

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 19/10/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da Rúa Ferreiros. Fase II” (3893-440), na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de “Humanización da Rúa Ferreiros, Fase II, (expte: 3893/440) ao Enxeñeiro de Camiños,

Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde das mesmas, a aceptación do Plan de xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

Terceiro.- Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de "Humanización da Rúa Ferreiros, Fase II, (expte: 3893/440).

Cuarto.- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1041).- PROXECTO DE OBRA ORDINARIA PARA A EXECUCIÓN DE SENDA FLUVIAL NA MARXE DEREITA DO RÍO LAGARES. EXPTE. 87836/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/16, asinado pola técnica de Admón. Xeral e polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente incoado en data 28.07.2015 baixo o núm. 87836/421, mediante iniciativa particular, por don Carlos Álvarez Magdalena, con NIF núm. 35967895N, en representación da Comunidade de propietarios do polígono de Miraflores con CIF H36738433 , en solicitude de aprobación do "Proxecto construtivo de Senda fluvial por el margen derecho del río Lagares, desde la estrada de Moledo hasta la conexión con el sendero existente", documento de carácter básico e de execución redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Sergio Daniel Orosa López, de data xullo de 2014, emítase o seguinte informe con proposta de acordo, para o que resultan acreditados os seguintes,

I.- ANTECEDENTES E FEITOS

I.1.- En data 28.07.2015, con rexistro de entrada núm.150099017, don Carlos Álvarez Magdalena e/r da "Comunidade de propietarios do polígono de Miraflores", presentaba no rexistro xeral desta Xerencia Municipal de Urbanismo (en diante XMU) o "Proxecto construtivo de Senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares", documento de carácter básico e de execución, datado en xullo do 2014, así como a autorización outorgada por Augas de Galicia en data 02.06.2015 para a execución de dito proxecto na zona de policía e puntualmente de dominio público hidráulico do río Lagares, no polígono de Miraflores, parroquia de San Pedro de Sárdoma, e xustificante da autoliquidación da correspondente taxa pola licenza de obras.

I.2.- Elevado o expediente a informe dos servizos técnicos, con data 06.04.2016 a arquitecta técnica municipal subscribe informe, cuxo contido é o que segue,

“(...) Se solicita licencia para la construcción de una senda peatonal por el margen derecho del río Lagares a su paso por el Polígono Industrial de Miraflores que servirá de conexión entre los dos tramos de paseo existentes. Su longitud es de 550 ml y está proyectada como un firme de zahorra de 25 cm de espesor contenido en una caja excavada en el terreno en algunos tramos y con pasarelas peatonales prefabricadas de madera, según proyecto redactado por el Ingeniero Sergio Daniel Orosa Lopez, con un presupuesto de ejecución material de 84.533,28 €.

La pasarela discurre casi en su totalidad por suelo del Núcleo 16 04 RAVISO A, pendiente del PERI 3, sin desarrollar y una pequeña parte de la pasarela se sitúa en el interior del Núcleo 16 06 Fragosiño 1 B, en SUP pendiente de planeamiento secundario PP 2 (al que se le aplicará el régimen de suelo rústico). La totalidad de la pasarela se encuentra dentro del ámbito del Plan Especial de regeneración del corredor natural del río Lagares, aprobado definitivamente el 03.07.97. Dentro de este Plan especial, el tramo que discurre por el Peri está calificada como “zonas de Ribeiras e marxes” y el tramo pendiente de PP2, la califica como “ zona de interés natural”

Las obras solicitadas son obras que pueden considerarse provisionales y por lo tanto permisibles en suelo pendiente de planeamiento secundario y a su vez compatibles con las prescripciones del suelo rústico y con los objetivos del Plan de Protección del Lagares (...).”

I.3.- Con posterioridade, en data 14.04.2016 o xefe de urbanización e infraestruturas desta XMU emite informe ao presente expediente, no que, entre outras consideracións, conclúe que,

“ (...) De acuerdo con la documentación técnica contenida en el expediente de referencia, no existe inconveniente en continuar con su tramitación.

Hacer hincapié en la necesidad de que la ejecución material de las obras se ajusten a los condicionados establecidos por Augas de Galicia.

La supervisión y control del desarrollo de las obras habrán de llevarlas a cabo los servicios municipales implicados en el futuro mantenimiento de las mismas, toda vez que la recepción de las mismas la hará el Concello de Vigo (...).”

I.4.- En data 15.04.2016, a representación da “Comunidade de propietarios do polígono de Miraflores”, presentaba no rexistro xeral desta XMU (doc. 160048312) documentación complementaria consistente en proposta de nomeamento do director técnico do proxecto asinada nesta cidade o 14.04.2016.

I.5.- En data 20.05.2016 o responsable técnico municipal da oficina de inventario e patrimonio, subscribe informe referente á posible afección do Proxecto que nos ocupa coa parcela municipal expropiada con motivo do “Proxecto de adecuación de ribeiras do río Lagares e Melloras estruturais” e máis en concreto OBRA 26-CARRIL BICI, a executar neste polígono, co contido que se extracta:

“(...) Feitas as comprobacións cartográficas entre ambos proxectos, conclúese que non existe interferencia no que atinxe á ocupación de terreos entre o paseo fluvial e o carril bici, xa que este último proxectábase sobre o viario de aglomerado existente, mentres que o novo paseo proxectado non o invade (...).”

I.6.- O 19.07.2016 o xefe de urbanización e infraestruturas emite novo informe no que reflicte,

“(...) De acordo con los datos que se poseen del trazado del colector del margen del río Lagares (en el plano adjunto) para la ejecución de la senda peatonal, se procederá con carácter previo al replanteo de dicho trazado con la presencia de técnicos de Aqualia y comprobar que los tramos en los que la senda es una pasarela pilotada, no interfieren en dicha infraestructura.

En caso contrario la dirección de obra propondrá la alternativa correspondiente(...).”

I.7.- Mediante oficio do Xerente de urbanismo de data 19.07.2016, que consta no expediente debidamente notificado en data 26.07.2016 requiríase ao interesado, para que, nun prazo de dez días hábiles conformidade co pautado no artigo 76.2 da Lei 30/1992, do 26 de decembro, procedese a achega dunha declaración responsable ou certificado dixital do técnico redactor do proxecto no que figuren os seus datos persoais e profesionais e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

En cumprimento do requirido, en data 05.08.2016 a representación da Comunidade de propietarios do polígono de Miraflores, achegaba a través do rexistro xeral desta XMU (doc. 160107142) certificado colexial do técnico redactor do proxecto no que figuran os seus datos persoais e profesionais que permiten a súa identificación e no que se acredita que non está inhabilitado para exercer a profesión de enxeñeiro de camiños, canais e portos en plenitude de dereitos e atribucións.

II.- NORMATIVA EXAMINADA

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,
- O Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia-en diante LSG,
- O Real-Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento urbanístico e o Real-Decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística,
- O Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público,
- O Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de augas,
- O Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico,
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

III.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

III.1.- A natureza do presente proxecto técnico de urbanización destinado á realización dunha “Senda peonil” na zona de servidume e puntualmente de dominio público hidráulico da marxe dereita do río Lagares, ao seu paso polo polígono industrial de Miraflores, que servirá de conexión entre os dous tramos de paseo existentes, dende a estrada de Modelo ata a conexión co sendeiro, coas obras que se describen nos informes técnicos emitidos ao presente expediente, é a dos denominados proxectos de obra ordinaria, proxectos técnicos de obras elaborados ao abeiro do disposto no artigo 67.3 do Regulamento de planeamento urbanístico, aprobado polo Real decreto 2159/1978, do 23 de xullo, precepto declarado vixente pola Disposición transitoria oitava da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), no que non se opoña ou resulte afectado por esta. Estes proxectos de obra ordinaria abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun Plan de ordenación, como no presente suposto de obras de execución de senda peonil.

Esta categoría de proxectos urbanizatorios de carácter menor de obra ordinaria, regúlanse asemade no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

III.2.- As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica presentada, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, de data xullo de 2014.

A zona na que se implantará a senda peonil obxecto do presente expediente, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), discorre case na súa totalidade polo solo de núcleo 16 04 Raviso A, pendente dun PERI sen desenvolver e unha pequena parte da pasarela se sitúa no interior do Núcleo 16 06 Fragrosiño 1B, en SUP pendente de planeamento secundario PP 2. A totalidade da pasarela se atopa dento do ámbito do Plan especial de Rexeneración do corredor natural do río Lagares, aprobado definitivamente o 03.07.1997. Dentro deste plan especial o tramo que descorre polo PERI esta cualificada como “zonas de ribeiras e marxes” e o tramo pendente de PP2 o cualifica como “zona de interese natural”.

De conformidade co informe subscrito pola arquitecta técnica municipal en data 06.04.2016, as obras solicitadas poden considerarse provisionais e polo tanto permisibles en solo pendente de planeamento secundario e a súa vez compatibles coas prescricións do solo rústico e cos obxectivos do plan de protección do Lagares.

III.3- A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos Estatutos desta XMU.

Xa que logo, atendendo aos informes emitidos polos servizos técnicos municipais en datas 06.04.2016, 14.04.2016 e 19.07.2016, respectivamente, que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte.

Acordo

Primeiro.- Prestar aprobación ao “*Proxecto construtivo de Senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares, dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existente, no polígono de Miraflores, parroquia de San Pedro de Sárdoma*”, documento de carácter básico e de execución redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Sergio Daniel Orosa López, de data xullo de 2014.

Segundo.- O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións, consonte aos informes técnicos que obran no expediente:

1.- Consonte ao informado polo xefe de urbanización e infraestruturas desta XMU en data 19.07.2016 con carácter previo á execución da senda peonil se procederá ao replanteo do trazado do colector da marxe do río Lagares coa presenza de técnicos de “Aqualia”, aos efectos de comprobar que os tramos nos que a senda é unha pasarela pilotada non interfieren en dita infraestruturas.

2.- Son de obrigado cumprimento as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia outorgada mediante resolución do 02.06.2015. A execución material das obras axustaranse aos seus condicionados.

3.- Antes do inicio das obras, colocaranse un valado de protección, para o que deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal.

4.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.

5.- Unha vez rematadas as obras terá que presentar nesta administración o certificado de remate de obra asinado polo técnico director e, no seu caso, visado polo seu colexio oficial correspondente ou debidamente supervisado, así como o xustificante de entrega de residuos de construción e demolición a empresa xestora autorizada co fin de que se proceda á oportuna comprobación polos técnicos municipais.

6.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

7.- O promotor das obras estará obrigado consonte ao pautado no RD 1627/1997, a elaborar un estudo de seguridade e saúde.

8.- Dado o transcurso deste paseo polo polígono industrial de Miraflores, onde a circulación de vehículos pesados é permanente, entendemos a necesidade de segregara circulación de vehículos do paseo peonil. Para elo é necesario dotar das medidas necesarias que garantan as manobras seguras dos vehículos pesados sen invasión da zona peonil nos puntos de maior estreiteza, separando fisicamente mediante valado estes puntos perigosos e con limitación de velocidade de vehículos.

Será necesario o valado de madeira para segregara circulación de vehículos do tránsito peonil nos puntos de manobra ou xiros dos vehículos pesados.

Os tramos de sendeiro de zahorra, será necesario o valado de madeira para segregala circulación de vehículos do tránsito peonil nos puntos de manobra ou xiros dos vehículos pesados.

9.- De conformidade co autorizado por “Augas de Galicia” mediante resolución do 02.06.2015, as obras deberán de estar rematadas no prazo de doce meses (12) a partir do seu comezo. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización outorgada a non ser que se solicite ou obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

10.- O promotor será o encargado de manter en correcto estado de uso a senda peonil e responderá dos prexuízos que poidan derivarse disto, sen que en ningún momento dita senda teña o carácter de infraestrutura de titularidade municipal.

11.- A presente autorización outórgase sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

Terceiro.- As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación, vixilancia e inspección continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

Cuarto.- Comunicar o presente acordo a todos os interesados no procedemento.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo.Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 21.10.2016 acorda elevar o presente informe á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1042).- PROXECTO DE OBRA ORDINARIA PARA A EXECUCIÓN DA SENDA DO RÍO LAGARES NA PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DE CABRAL. EXPTE. 86600/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/16, asinado polo enxeñeiro técnico de Obras Públicas e a técnica de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES E FEITOS

I.1.- Por mor das necesarias concisión e brevidade, remitímonos na súa integridade ao relatorio de feitos e fundamentación xurídica da proposta que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de goberno local en data 1 de xullo de 2016 no que, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, se acordou prestar aprobación ao “*Proxecto da senda do río Lagares na parroquia de Santa Mariña de Cabral- Vigo*”, documento de carácter básico e de execución redactado polo enxeñeiro industrial don José Antonio González Ferreira, a enxeñeira de camiños, canais e portos dona María Isabel Paz López, o enxeñeiro técnico agrícola don Francisco Javier Centeno Ameijeiras, o Técnico especialista en delineación don Ricardo Rodríguez Moreno e a enxeñeira técnica topógrafa dona Suevia

González Lorenzo, de data marzo de 2016, que anula e substitúe ao anteriormente presentado polo mesmo equipo redactor en data decembro de 2014.

En dito acordo o amentado proxecto autorizábase con carácter “parcial”, excluíndose segundo o informado polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas *as obras reflectidas dende o sinalado como punto I no plano 2.2.2 do proxecto e que coincide co ponte existente no parque público, sito onde a senda pasa da marxe esquerda a dereita para discorrer sobre a zona do aparcadoiro do mercado de Cabral e ata o final das mesmas nas proximidades da rúa Manuel Álvarez, polo que ditas obras non poderán ser executadas ata que o Concello de Vigo determine que actuacións han de levarse a cabo respecto á renovación do colector de marxe dende o Mercado de Cabral ata a o entronque coa rúa Manuel Álvarez.*

Asemade, o referido acto administrativo quedaba suxeito a unha serie de condicións relacionadas no apartado segundo da parte dispositiva do acordo adoptado.

I.2.- Pola súa banda, no amentado acordo reflectíase na súa literalidade que, *no percorrido da senda se proxectan tres pontes/ pasaleras que sorteian canles e/ou presas ligadas a outros tantos muíños. En concreto, trátase do ponte núm. 2 nas proximidades do nacemento do río, que salva un pequeno rego que baixa ao muíño núm. 1, o ponte núm. 9 que salva a presa do muíño núm. 9, así como unha rampa que evita o canal do mesmo muíño, e o ponte núm. 10 necesario para salvar o rego de saída do muíño núm. 13 preto da rúa Figueiras;* Neste senso, acordábase expresamente que ditas infraestruturas non poderán ser executadas ata dispoñer da autorización autonómica previa da Dirección xeral de patrimonio cultural, que, a tal efecto se solicitou mediante oficio subscrito pola Vicepresidencia desta XMU en data 12.07.2016 (sen resposta na data actual).

I.3.- Con data do 24.08.2016 tiña entrada no Rexistro xeral desta XMU baixo o doc. núm.160113458, un oficio subscrito polo Director da concesionaria do servizo municipal de augas en Vigo- Aqualia-, ao que xunta planos do colector de marxe do río Lagares entre a ponte de Cabral e a rúa Manuel Álvarez, no que se recollen as profundidades dos pozos de rexistro, e unha copia do escrito enviado a Concellaría de Fomento en maio de 2016, onde se informa do estado do citado do colector da marxe do río en todo seu trazado.

I.4.- Así as cousas, xirada polos servizos técnicos desta XMU visita de inspección ás obras obxecto do expediente de referencia, en data 27.09.2016 o enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas, emite informe cuxo teor literal é o que segue,

“(...)Se están realizando tareas de desbroce del terreno cedido por los colindantes, mayoritariamente de forma manual, con el empleo de la maquinaria adecuada a cada zona, y reconstrucción de cierres retranqueados a su nueva posición.

En esta visita, se ha replanteado la traza del colector de margen del río Lagares, y la de la senda peatonal, conjuntamente con la Dirección Facultativa y AQUALIA.

Además, con fecha 24/08/16 se recibe la información solicitada a AQUALIA sobre las profundidades que presenta dicho colector en los pozos-registro existentes en ese tramo.

Con todos estos datos cabe revisar las limitaciones a la ejecución de las obras, contenidas en mi informe del 22/06/16 y en la autorización de la Junta de Gobierno Local del 01/07/16, en el siguiente sentido:

- La recolocación y/o restauración de los muros de contención de las margenes del río, pueden llevarse a cabo accediendo con los medios de transporte y maquinaria necesarios utilizando el margen del río por donde no discurre el colector, y en todo caso no transitando

sobre el mismo, como por ejemplo desde el camino Medoña, o accediendo desde propiedades particulares.

- Apoyándose en la documentación gráfica que adjunto, la senda peatonal se ejecutará de la manera que señalo.

- Entre el puente metálico existente sobre el río, señalado en Plano 2.2.2 del Proyecto como Punto I, hasta el Pozo 1, se ejecutará de forma manual sin el empleo de maquinaria (cajeado, relleno de jabre, colocación de bordillos y compactación).

- Del Pozo 1 al Pozo 2, con los medios que se consideran en el Proyecto.

- Entre el Pozo 2 y el Pozo 4. Además de la necesaria autorización autonómica sobre la pasarela a instalar sobre la levada del molino contiguo, ha de replantearse su cimentación y estructura, al coincidir con el colector (Puente nº 12). La senda se ejecutará según Proyecto donde no coincide con el colector, y donde coinciden de forma manual.

- Entre el Pozo 4 y el Pozo 6. Ejecución de la senda de forma manual.

- Entre el Pozo 6 y el Pozo 8. Senda según Proyecto.

- Entre el Pozo 8 y el Pozo 11. El Puente nº 13 ha replantearse en su cimentación y estructura dada la proximidad del colector. La senda a ejecutar según Proyecto.

Como norma general, en la ejecución de estas obras la maquinaria precisa no atravesará el trazado del colector, resolviendo su empleo con accesos desde propiedades privadas, servidumbres de paso, o situándola en la posición necesaria mediante medios auxiliares. Su tonelaje se adecuará a estas limitaciones, utilizando el mínimo imprescindible.

Se adjunta documentación gráfica de la posición de los pozos-registro y de la senda, así como escritos remitidos por AQUALIA donde queda de manifiesto el estado y funcionamiento actual del colector, con alivios y fugas permanentes.

Propongo en consecuencia autorizar las obras de reconstrucción de los taludes y muros de encauzamiento del río, ejecución de la senda peatonal, y tendido de puentes (previa adecuación de sus cimentaciones y estructuras), en el tramo comprendido entre el mercado de Cabral, Punto I del Plano 2.2.2 del Proyecto y la calle Manuel Alvarez, en los términos expresados con anterioridad. (...)

I.5.- En data 06.10.2016, o Presidente da Comunidade de montes veciñais en man común de Santa María de Cabral, no seu nome e en representación desta, presentaba no rexistro xeral desta XMU (doc. 160133604) documentación consistente en: Oficio de nomeamento do director da obra e coordinador de Seguridade e Saúde, Plan de seguridade e saúde e documentación do servizo de prevención en centro de traballo.

II.- NORMATIVA EXAMINADA

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,

- O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,

- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia-en diante LSG,

- O Real-Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento urbanístico e o Real-Decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística,

- O Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público,
- A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia,
- O Real decreto legislativo 1/2001, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de augas,
- O Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico,
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

III.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

III.1.- A natureza do proxecto técnico de urbanización destinado á realización dunha “Senda peonil” na zona de policía e de dominio público hidráulico do río Lagares, no tramo comprendido entre o parque das Baladas e a Avenida Ramón Nieto, na parroquia de Cabral, é a dos denominados proxectos de obra ordinaria, proxectos técnicos de obras elaborados ao abeiro do disposto no artigo 67.3 do Regulamento de planeamento urbanístico, aprobado polo Real decreto 2159/1978, do 23 de xullo, precepto declarado vixente pola Disposición transitoria oitava da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), no que non se opoña ou resulte afectado por esta. Estes proxectos de obra ordinaria abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun Plan de ordenación, como no presente suposto de obras de execución de senda peonil na zona de policía e de dominio público hidráulico do río Lagares.

Esta categoría de proxectos urbanizatorios de carácter menor de obra ordinaria, regúlanse asemade no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

III.2.- Trátase neste intre, da ampliación dos termos da autorización concedida con carácter “parcial” por mor do acordo adoptado pola Xunta de goberno local en data 01.07.2016. As obras que mediante o presente se autorizan, son as que se describen no informe técnico suscrito polo enxeñeiro xefe de infraestruturas e urbanización en data 27.09.2016, nos termos e condicións que nel se definen.

III.3- A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos Estatutos desta XMU.

Xa que logo, atendendo ao informe emitido polo enxeñeiro xefe de infraestruturas e urbanización en data 27.09.2016 que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte.

Acordo

Primeiro.- Ampliar a autorización concedida mediante o acordo adoptado pola Xunta de goberno local en data 01.07.2016, no que se prestaba aprobación ao “*Proxecto da senda do río Lagares na parroquia de Santa Mariña de Cabral- Vigo*”, documento de carácter básico e de execución redactado polo enxeñeiro industrial don José Antonio González Ferreira, a enxeñeira de camiños, canais e portos dona María Isabel Paz López, o enxeñeiro técnico agrícola don Francisco Javier Centeno Ameijeiras, o Técnico especialista en delineación don Ricardo Rodríguez Moreno e a enxeñeira técnica topógrafa dona Suevia González Lorenzo, de data marzo de 2016, que anula e substitúe ao anteriormente presentado polo mesmo equipo redactor en data decembro de 2014, nos termos e condicións que se reflicten no informe técnico de data 27.09.2016 que obra no expediente e en consecuencia, autorizar expresamente as obras de reconstrución dos taludes e muros de encauzamento do río e a execución da senda peonil e tendido de pontes (previa adecuación das súas cimentacións e estruturas) no tramo comprendido entre o mercado de Cabral, Punto I do plano 2.2.2 do proxecto e rúa Manuel Álvarez.

Segundo.- O presente acto administrativo queda suxeito ás condicións reflectidas no informe técnico emitido polo enxeñeiro xefe de infraestruturas e urbanización en data 27.09.2016 e documentación gráfica que a el se xunta.

Terceiro.- Ratificar e reiterar o cumprimento das restantes condicións recollidas no acordo adoptado pola Xunta de goberno local en data 01.07.2016.

Cuarto.- A presente autorización refírese unicamente as obras referidas nas alíneas precedentes, significándolle expresamente que, no momento de contratación das amentadas obras deberán contar coa debida autorización dos titulares dos terreos afectados polos que descorre a senda.

Quinto.- As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación, vixilancia e inspección continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

Sexto.- Comunicar o presente acordo a todos os interesados no procedemento.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo.Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 21.10.2016 acorda elevar o presente informe á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1043).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOCTURNA E RECOLLIDA E CUSTODIA DA RECADACIÓN DA TAQUILLA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 7173/612.

Visto o informe xurídico do 03/10/16 e informe de fiscalización do 24/10/16, dáse conta do informe-proposta do 18/10/16, do director de Réxime Interior-Zoo, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 7 de xuño do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo pola finalización do contrato actual que será o vindeiro 13 de novembro de 2016.

Como consecuencia do anterior, coa mesma data, a Concelleira de Area de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a formalización dun contrato maior de servizo para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigo-Zoo.

No proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).

Con data 21 de setembro de 2016, a través de Dilixencia, o servizo de Intervención indica unha serie de correccións que se deben realizar para poder seguir coa tramitación do expediente de referencia.

En vista do anterior dende este servizo se realizan as correccións indicadas e se elabora memoria e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- 1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo o Director de Réxime Interior – Zoo o 7 de xuño de 2016.*
- 2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente para o inicio do expediente do 7 de xuño de 2016.*
- 3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e pola Concelleira Delegada de Medio Ambiente de 27 de setembro de 2016.*
- 4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo director de Réxime interior-Zoo o 15 de xullo de 2016 e pola Concelleira Delegada de Medio Ambiente de 19 de xullo de 2016.*
- 5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 3 de agosto de 2016 e informe sobre as correccións efectuadas no prego de cláusulas administrativas particulares de data 28 de setembro de 2016.*

6. *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 28 de setembro de 2016.*
7. *Dilixencia de traslado de expediente aos Servizos Xurídicos, asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 29 de setembro de 2016.*
8. *Informe xurídico emitido pola Asesora Xurídica Municipal de data 18 de agosto de 2016 e informe sobre as correccións realizadas no expediente de data 3 de outubro.*

2.- Condición definatorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, a prestación do servizo de seguridade e vixilancia preventiva nocturna e de recollida e custodia da recadación da taquilla nas instalacións de VigoZoo

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria, regulada nos artigos 109 e 110 TRLCSP e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o presuposto total do contrato (357.838,32 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (62.104,16 €) e o valor estimado (443.601,24 €). A execución do contrato abrangue 4 anualidades (IVE incluído):

- ano 2016: 11.519,45 €
- ano 2017: 89.459,58 €
- ano 2018: 89.459,58 €
- ano 2019: 89.459,58 €
- ano 2020: 77.940,13 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.227.01.00 "Seguridade Nocturna", onde será necesario utilizar crédito a nivel de bolsa de vinculacións xa que non é suficiente o crédito dispoñible na partida.

A utilización de aproximadamente 1.200,00 € da bolsa de vinculacións non supón alteración do financiamento do servizo xa que no actual orzamento do servizo 3371 "VigoZoo" existen partidas que non terán disposición de fondos por ser competencia do Concello.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 22 da TRLCSP, a necesidade de facelo se xustifica xa que para a prestación dos servizos de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigo-Zoo é preciso manter esta contratación de servizo, debido a que a Policía Local non pode prestar o servizo de

vixilancia nas instalacións de Vigo-Zoo, e se precisa dunha vixilancia armada, especialmente tendo en conta a situación aillada do recinto e a perigosidade que poida entrañar que persoas alleas ao persoal, poidan achegarse aos recintos dos animais potencialmente perigosos, que integran a colección do Zoo.

Así mesmo, de acordo co mesmo art. 22, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na TRL-CSP.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 4 anos, establecéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, en cumprimento do previsto no artigo 303.1 do TRLCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por 12 mensualidades.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACE -Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado-, ao que se encontra adherido o Concello de Vigo, son os identificados nos apartados D), E) e F) do apartado primeiro das FEC.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria (art.65 do TRLCSP). Se ben no apartado 6.A) da FEC establécese unha clasificación alternativa para acreditar a solvencia. E a cláusula 8 do PCAP contempla os medios esixidos para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional de acordo cos artigos 75 e 77 do TRLCSP, na redacción vixente.

h) Persoal do contratista

O PCAP (cláusula 27) contempla que o persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, quen terá todos os dereitos e obrigas inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo, e recolle de forma expresa que non poderá producirse, coa extinción do contrato, a consolidación das persoas que realicen os traballos que constitúan o seu obxecto (artigo 301.4 do TRLCSP).

i) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil, que cubra os posibles riscos derivados dos servizos a prestar, por un importe de 601.012,10 € (artigo 19.1e) da Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada) para cubrilas continxencias que se puideran producir derivadas da prestación do servizo, ademais da xeral contratada para actividade que desenrola.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior do servizo de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente, con data 27 de setembro de 2016, se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 8 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio, en cumprimento do artigo 150.3g) do TRLCSP: CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Redución do prezo do contrato: se valorará con ata 85 puntos, aplicando as formulas consignadas na cláusula 15 do PCAP.

2.- Bolsa de horas de prestación do servizo sen custe para o Concello: se valorará con ata 15 puntos.

A fórmula para valorar estes criterios remítense á cláusula 15 e en canto aos criterios para a consideración das ofertas con valores anormais e desproporcionados se remite á xeral da cláusula 17 (apartado 8.D da FEC).

En relación coas fórmulas o TACRC, entre outras, na Resolución 906/201 considera que: "Lo único que impone en este sentido el TRLCSP es que se concrete en el Pliego la fórmula elegida, que ésta atribuya una puntuación superior a la oferta más barata y menor a la más cara y que se guarde la adecuada proporción en la atribución de puntos a las intermedias".

Sobre o concreto funcionamento das fórmulas establecidas nos pregos para valorar o prezo e respectar o antedito, remitímonos ao criterio máis especializado que puidese expresar a Intervención municipal.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteñáanse sen grandes modificacións nos próximos anos xa que existe un Convenio do sector en vigor por varios anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación de servizos de seguridade e vixilancia preventiva nocturna e de recollida e custodia da recadación da taquilla nas dependencias de Vigozoo.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 15 de xullo de 2016 e asinadas pola Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable con data 19 de xullo do mesmo ano, e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 28 de setembro de 2016.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto total do contrato (357.838,32 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (62.104,16 €). A execución do contrato abrangue catro anualidades (IVE incluído):

- ano 2016: 11.519,45 €
- ano 2017: 89.459,58 €
- ano 2018: 89.459,58 €
- ano 2019: 89.459,58 €
- ano 2020: 77.940,13 €

O financiamento do contrato de servizos será a cargo da partida 3371.227.01.00 “Seguridade Nocturna”, onde será necesario utilizar crédito a nivel de bolsa de vinculacións xa que non é suficiente o crédito dispoñible na partida.

A utilización da bolsa de vinculacións non supón alteración do financiamento deste servizo.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1044).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.